


aulas libres

revista de pensamento,
información e debate

7^{do} steg



aulas libres nº 7

Galiza, novembro de 2016.

aulaslibres@steg.gal

Edita:

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza, STEG.

Dirixe:

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG.

Coordinan:

Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal.

Deseño e maquetación:

Rosa Herraiz Cabanas.

Impresión:

Parsan Gráfica

Depósito legal: C 2092-2013

ISSN: 2340-8618

Permítese a reprodución sempre que se cite autoría e procedencia.

Distribución gratuíta.

A revista non se fai necesariamente partícipe das opinións das persoas que colaboran nela.

A confección deste número pechouse o 1 de novembro de 2016.

ilustración de portada: *Educación*, de Lois G. Magariños

aulas libres 7



2 editorial
Permanente do STEG

18 entrevista a
Anxo Angueira
Emilio Xosé Ínsua

3 actualidade sindical
Permanente do STEG

24 nem uma, nem grande,
nem libre
Susana S. Arins



8 recortes en educación
Sonia F. Casal

27 experiencias de aula:
escritora do mes
Mercedes Teijeiro

12 a insoportábel levedade da
universidade pública
STEG-Universidade

28 100 anos de irmandades
Emilio Xosé Ínsua



16 opinión:
pobriña de ti
Rubén Álvarez

30 para ver, para ouvir,
para ler
Sonia F. Casal
Emilio X. Ínsua

17 opinión:
falabaratos na educación
Jorge Abeal

35 texto literario
Carlos Casares

2 editorial

Resulta complicado escribir con doses de esperanza sobre Ensino Público despois de que as urnas, as aritméticas parlamentarias e algún golpe intestino en determinada forza política teñan ditaminado que tanto no goberno da Xunta como no do Estado continuarán os mesmos xestores que levan perpetrando desde hai algúns anos a maior ofensiva de recortes e o máis nefasto cambio de marco legal sobre a educación do que temos memoria desde a morte de Franco.

Mareas verdes e potentes mobilizacións da comunidade educativa no seu conxunto contra a LOMCE, boicotes moi masivos contra as “reválidas”, campañas sindicais e solemnes declaracións partidarias de derogación inmediata dos decretos e leis que afectan de maneira tan seria e negativa o Ensino Público semellan ter quedado en papel mollado diante da constatación do reparto de escanos e da conformación de novos executivos nas lexislaturas estatal e autonómica acabadas de inaugurar. Parece evidente que as graves cuestións que afectan á educación non pesaron na decisión de moitos votantes, que as desunións nas esquerdas pasan factura e que os sectores contrarios á LOMCE non soubemos explicarnos suficientemente como para convencernos a moitos da necesidade de emitir un voto digamos “de alivio” para a nosa actual situación.

O peor está, probabelmente, por chegar. Agárdannos, sen dúbida, novos recortes a curto prazo: a Comisión europea esixe maior redución do déficit público e xa sabemos que pensan os xestores “populares” sobre quen debe asumir o pagamento desa inxusta factura por medio de reducións orzamentarias. Implantada na súa totalidade a LOMCE, a ridícula promesa do candidato Rajoy sobre as “reválidas” parece un “caramelo para bobos” que desvíe a atención sobre os efectos brutalmente perniciosos que a citada lei está a ter xa.

Mais debemos dicir *Eppur si muove*.

Resulta fundamental perseverarmos na crítica pública e social desta lei neoliberal que degrada o Ensino Público, destroza a igualdade de oportunidades, xerarquiza aínda máis a vida nos centros, desautoriza o noso labor avaliativo e segrega e discrimina alumnado.

Resulta imprescindíbel que nos manteñamos firmes na oposición á LOMCE, que combatamos nos claustros e nas rúas as súas disposicións e efectos, que fagamos da aula un espazo para a defensa e a práctica dos valores e principios democráticos, laicistas e coeducativos que esa malfadada lei intenta desterrar.

A pesar das aritméticas parlamentares, hai na nosa sociedade un considerábel caudal de dignidade que necesita seguir dispoñendo de referentes no mundo sindical educativo para exercer o irrenunciábel dereito á crítica e para soñar alternativas viábeis para o Ensino Público no curto, no medio e no longo prazo. Asumimos con humildade a nosa alícuota nese deber. É a nosa tarefa e o noso compromiso.

Seguiremos loitando.



Trituradora,
Lois G. Magariños

a nova maioría do pp e as prementes necesidades do ensino público galego

Alguén dixo (era Cruyff) que o fútbol era un xogo de once contra once onde sempre gañaban os alemáns; parafraseando o xenio holandés case puideramos dicir que as eleccións na Galiza son “uns comicios onde sempre gaña o PP e perde o ensino público”. Nesta liña, cada comezo de curso co goberno do PP na Galiza significou para os centros públicos de ensino do noso país máis recortes, menos profesorado e por tanto unha maior precariedade nun eido fundamental para a nosa vida en sociedade.

O presidente Feijóo laiaba hai unhas semanas a toda cor na *Voz de Galicia* e dicía, en relación aos recursos do país, que loitara denodadamente por manter en pé as paredes da casa ignorando que o que sostén a casa son as trabes, non as paredes. É un curioso xeito de *manter en pé a casa* o deste goberno do PP, que lle atribúe á demolición propiedades sanadoras.

A realidade é outra: asistimos a un dos maiores ataques que a nivel global se teña lanzado contra a democracia, coas tentativas dos grandes capitais ao abeiro da ideoloxía neoliberal de se facer con “todo”; *dende fóra*, facéndose co poder, cos medios de comunicación e coa xestión daquelas áreas vitais para a vida en sociedade como son a sanidade ou o ensino, que significan na práctica novas “oportunidades de mercado”; paralelamente a isto e *dende dentro*, co deterioro progresivo destes servizos por parte dos gobernos que participan desta alta traizón á cidadanía, desarmando aqueles elementos que favorecen a cohesión social e por tanto empeorando as condicións de vida da mesma.

E namentres o presidente Feijóo se rodea de compañías pouco desexábeis en actos electorais (co señor Baltar fillo, prometendo parques acuáticos cun fondo arrasado polos lumes) o ensino público padece tamén o seu neste novo comezo de curso, coma nunha sorte de desastroso *déjà vu*:

1 O peche das escolas do rural, ao que debemos sumar a non optatividade nos seus centros de secundaria coa excusa da escasa demanda, debilitando aínda máis un eido especialmente castigado por esta crise/estafa e polos actuais modelos de crecemento.

2 O recorte brutal do profesorado, que minguou en case dous mil profesionais dende a chegada ao goberno da Xunta do señor Núñez Feijó.

3 A alarmante diminución nas axudas á promoción da normalización do galego, que deriva nun uso menor do mesmo, incidindo no proceso de substitución lingüística e de desaparición da nosa lingua.

4 O alarmante desleixo pola atención á diversidade, que se resume no feito de que as prazas de orientación cada vez veñan con máis afíns, no camiño de converter unha área fundamental nun caixón de sastre.

5 O nefasto da FP básica, situación que o STEG vén denunciando como exemplo moi ilustrativo do que a LOMCE promove: a exclusión daquelas persoas con máis dificultades.

6 A “obrigatoriedade” de cursar relixión en secundaria, pois na práctica é moi difícil escoller materias optativas á mesma. Nesta liña, o paradoxo é que disciplinas fundamentais como a música, a filosofía ou os contidos humanísticos son elementos case residuais na LOMCE.

Pero non só iso, tamén:

1 O non cobro dos meses de verán das persoas interinas e substitutas, promovendo a súa precarización.

2 A pésima xestión das interinidades e substitucións, alterando o normal desenvolvemento da dinámica de funcionamento dos centros en momentos tan delicados para a organización dos centros coma o inicio do curso.

3 A deriva da xestión dos comedores escolares, moitos deles nas mans de empresas privadas radicadas a centos de quilómetros do país e tamén un pouco efectivo funcionamento das listaxes de substitucións naqueles de control público, provocando alteracións e atrasos no comezo da súa actividade.

4 Obras inacabadas e deficiencias estruturais nos centros, que conlevaron nestes primeiros días de curso inundacións, aulas impracticábeis e profesorado desenvolvendo funcións impropias da súa condición, resultando especialmente ilustrativo o vergoñento caso de Fornelos de Montes.

5 A non substitución das persoas auxiliares de conversa en centros onde é a única dotación que reciben as seccións bilingües.

E, por último, este curso tráenos a traca final da implantación da LOMCE, as reválidas de ESO e de Bacharelato, un despropósito para culminar un sistema educativo segregador e inxusto, que despreza a avaliación global, continua e formativa que ofrecen os centros educativos para fialo todo a unha única proba que, como xa se veu nas reválidas de primaria, son fácilmente manipulables.

Se as pasadas eleccións autonómicas non trouxeron, como moitas e moitos esperábamos e como era desexábel para Galiza en xeral e para o ensino público en particular, un cambio de goberno na Xunta, parece evidente que dependerá da acción sindical continua e clarificadora, sempre o máis unitaria que sexa posíbel, e da constante mobilización e debate pola nosa parte que os efectos dunha nova maioría absoluta do PP sobre o ensino público galego non resulten definitivamente demoledores.

a fp básica: á imaxe e semellanza da propia lomce

Enfrontar a lectura do preámbulo da LOMCE e observar despois os problemas derivados dela é o máis parecido a aquela imaxe do poeta Nicanor Parra: ordeñar unha vaca e logo tirarlle o leite por riba da cabeza. Engadiría alguén: e desfacerlle o cubo nos dentes.

Algúns exemplos: *“La educación es la clave de esta transformación mediante la formación de personas activas con autoconfianza, curiosas, emprendedoras e innovadoras, deseosas de participar en la sociedad a la que pertenecen, de crear valor individual y colectivo, capaces de asumir como propio el valor del equilibrio entre el esfuerzo y la recompensa [...]”. El alumnado es el centro y la razón de ser de la educación. El aprendizaje en la escuela debe ir dirigido a formar personas autónomas, críticas, con pensamiento propio. Todos los alumnos y alumnas tienen un sueño, todas las personas jóvenes tienen talento. Nuestras personas y sus talentos son lo más valioso que tenemos como país [...]”.*

Mais a realidade é obstinada. Un dos máis claros exemplos é a Formación Profesional Básica, que se tentou implantar en setembro pasado de maneira atropelada e ao xeito dos malos cómicos, improvisando na improvisación: uns currículos mal copiados dos xa existentes, unhas *ratios* totalmente fóra de lugar para alumnado con dificultades e características moi concretas, a inadaptación dos espazos e a inadecuación dos materiais ás necesidades deste alumnado particularmente sensíbel, etc. Estamos a falar de moitas adolescencias que, provisionalmente, tórcense e moitas adolescencias tortas no medio de vidas tortas. En moitos casos a deriva escolar ten que ver con “accidentes” da vida e con “incidentes” escolares, tal é o caso desta FP básica, a panacea deste goberno do PP, que lle permite afirmar que se reduce o fracaso escolar, pero non explica a imposibilidade de dar de baixa este alumnado no Xade cando se produce o abandono.

Dende o STEG observamos que a Administración educativa simplifica sistematicamente o mundo das relacións entre a adolescencia e a escola. Para esta só existen dúas categorías: os que queren estudar e os que queren traballar, pero como son moi novos cómpre que aprendan algún “oficio”. Pensamos tamén que cómpre observar a realidade educativa con outra mirada: “escoitar” as traxectorias e vidas académicas, considerar o que pasa fóra da escola. Pero concretemos aínda máis:

* a conversión recente dalgúns centros de secundaria en CIFP provocou que algunhas partes do currículo teñan que ser impartidas noutro centro por outro profesorado. Isto provoca un desprazamento do alumnado cara un e outro centro sen ningunha medida de control, o que na práctica conleva

problemáticas de disrupción de todo tipo e absentismo.

* as dificultades para se coordinar entre o centro de orixe e o segundo centro así como a imposibilidade que presenta o Xade de xestionar a información deste alumnado de xeito compartido.

* a falta de máis profesorado que poida atender en condicións a heteroxeneidade e problemáticas do alumnado, no camiño de favorecer experiencias educativas enriquecedoras e facer da motivación o motor da aprendizaxe, elemento imposíbel no actual estado de cousas.

* o mal deseño dos horarios e da carga lectiva de natureza máis teórica: normalmente sitúase en dous días, expoñendo o alumnado a períodos de tempo de tres horas do mesmo ámbito. Quen pode aprender así? Quen quere aprender así? Se a inadaptación destes elementos, entre outros factores, xa arrastrou este alumnado até aquí.

* o desinterese e pasividade do Servizo de Inspección neste tema, máis preocupado polo que fai un neno de terceiro de primaria que non acode á reválida que por problemáticas que demandan unha verdadeira urxencia na resposta, tal é o caso.

* a formación pedagóxica alternativa que o profesorado técnico de FP precisa para poder

sentenza favorábel ao profesorado de música e artes escénicas nos conservatorios.

aulas libres
5

impartir clase aínda non se pode facer en Galicia (nin evidentemente en galego) porque a Consellería de Educación aínda non a implementou a pesar dos anos de moratoria.

* a necesidade de ofrecer unha formación pedagóxica axeitada ao profesorado que imparte nestes ámbitos da FP básica, que require de estratexias e dinámicas moi específicas e coordinadas co resto do profesorado para este tipo de alumnado, que presenta un alto grao de heteroxeneidade e que, por riba, agora está todo xunto. No caso concreto dalgún centro, derivou en graves problemas de disciplina, motivados pola falta de control que provocan as circunstancias anteriormente descritas, con faltas de respecto reiteradas, ameazas e insultos machistas cara o profesorado.

Neste contexto, preguntámonos: que será o seguinte, ao paso ao que imos? É admisíbel o desleixo da Consellería no tocante á FP básica? En resumo, dende o STEG observamos con preocupación que a FP básica responde a unha motivación infame: contribuír estratexicamente a reducir as porcentaxes de fracaso escolar polo feito anteriormente mencionado, afogar os recursos humanos dos centros de ensino público contribuíndo ao seu deterioro e promovendo a “salvadora oferta” dos centros privados. Abonda con mirar outras comunidades, especialmente a de Madrid, para ver que unha lectura tan crúa non é esaxerada.

Por tanto, reclamámoslle á Consellería que proceda con responsabilidade e a prol do ben común, ese que tan ben lles quedou no preámbulo da LOMCE:

“Detrás de los talentos de las personas están los valores que los vertebran, las actitudes que los impulsan, las competencias que los materializan y los conocimientos que los construyen. El reto de una sociedad democrática es crear las condiciones para que todos los alumnos y alumnas puedan adquirir y expresar sus talentos, en definitiva, el compromiso con una educación de calidad como soporte de la igualdad y la justicia social”.

Pobre vaquiña!

O pasado mes de setembro de 2016 unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ditaminaba que a orde de adxudicación de destinos provisionais quedaba anulada no referente a un apartado sobre as prazas nos CMUS. Esta sentenza anulaba a posibilidade de que o profesorado de música da E.S.O. puidese optar a prazas nos Conservatorios.

Esta sentenza é froito da loita dun colectivo de profesorado do corpo de música e artes escénicas que, tras acudir a outras organizacións sindicais e non obteren satisfacción á súa xusta demanda, puxéronse en contacto co STEG. Neste sindicato fomos conscientes da inxustiza que se estaba a cometer con este colectivo, froito dos recortes nos postos docentes e da falla de previsión da Administración, e fomos a única organización que se fixo eco das súas demandas e das súas reivindicacións, redactando un comunicado de apoio e prestando asesoramento a este colectivo.

O STEG foi, insistimos, o ÚNICO sindicato que denunciou sen ambigüidades o desprezo que as ensinanzas artísticas estaban a sufrir por parte da Consellería con medidas coma esta, e o desleixo que mostraba a administración ante unha situación tan surrealista coma que houbera máis profesorado de secundaria de música que postos docentes existían, e os aparcaba nos CMUS coa excusa de que tiñan a titulación necesaria, sen importar que pertencesen a outro corpo diferente e que as probas de acceso á función docente fosen completamente distintas.

No STEG felicitamos a este colectivo que conseguiu vencer a ese Goliath no que se converteu a Administración, e que demostrou que non era invencíbel; vitoria que nos anima a seguir loitando pola dignificación das ensinanzas artísticas e por conseguir un ensino público de calidade, gratuíto, universal e non discriminador a todos os niveis.

actualidade sindical

dos “deberes” e de falsos debates

Nas últimas semanas e estimulado dende certos altosfalantes mediáticos, estableceuse un debate sobre os malchamados “deberes” e a súa conveniencia ou non para o axeitado rendemento da nosa poboación escolar.

A partir de aquí, escoitáronse opinións de todo tipo e de diverso ton, como se do resultado do debate dependese o futuro da nosa escola. Esta proposta parecera remitirnos ao chamado Principio de Cambridge: dada a cor de pelo do capitán e o mes en que naceu, determine vostede a lonxitude da eslora do barco...

Dende o STEG opinamos que o debate NON é ese. Se temos en conta o retroceso acontecido no ensino público de Galiza dende a chegada do Partido Popular ao goberno da Xunta, concluiremos que a cuestión dos “deberes” é só unha cortina de fume que vén agochar o verdadeiro debate: **pode haber un ensino público de calidade coas agresións que se lle perpetraron nestes últimos anos dende a Xunta? Pensamos que non.**

Xulgamos que o foco de atención deba centrarse nos máis de dous mil docentes que perdeu o ensino público dende o 2009; na excesiva *ratio* das aulas das nosas escolas; no desleixo pola atención á diversidade, co profesorado especialista en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica sometido a circunstancias e condicións de traballo que non favorecen en nada a súa actividade; na escasa importancia que se lle atribúe aos Departamentos de Orientación, afogados por todo tipo de requerimentos que detraen tempo do seu traballo así como a oferta das prazas de Orientación con afíns; o pouco tempo de que dispón o profesorado para deseñar as súas actividades e planificalas coordinada e axeitadamente no camiño de axudar o alumnado con máis dificultades; o nefasto plantexamento da LOMCE, que resta democracia aos centros e que está imbuído dun ton retrógrado que nos sitúa nos anos 60...

En resumo: neste contexto parécenos pouco serio e algo frívolo suscitar un debate sobre a cuestión dos malchamados “deberes”, habendo problemáticas tan perentorias coma as que vimos de citar.

Aínda así, se concebimos a escola como un lugar onde se propoñen situacións de ensino-aprendizaxe, se a pensamos como un lugar de descubrimento onde despertar a curiosidade e o interese das meniñas e meniños, deberíamos propor actividades debidamente contextualizadas conforme aos principios de adecuación, motivadoras e que promovan a autonomía e iniciativa persoal do alumnado e o interese do mesmo en afondar por si mesmo naquelas cuestións e temas traballados nas aulas. Nomeadamente, aquelas que promovan o hábito da lectura (talvez a chave de todo), a indagación ou búsqueda de información nun libro ou na Internet, promovendo tamén a súa intelixencia social (unha consulta aos maiores, nais, pais ou avoas/avós, por exemplo) así como a necesaria reflexión sobre os aspectos abordados na escola.

Cómpre lembrar que en moitos fogares non existen hábitos nin recursos dabondo que poidan garantir un axeitado desenvolvemento académico polo que este tipo de recurso pode afondar nas dificultades académicas do alumnado cun nivel socioeconómico máis baixo, converténdose nun recurso segregador. Consideramos, pois, que se deben contemplar tamén estas circunstancias, facendo uso do sentido común en cada momento, respectando o criterio e a profesionalidade das traballadoras e traballadores do ensino.

En definitiva, o problema para unha escola que precisa ser transformada non son os “deberes”. Dende o STEG pensamos que o problema é que se quere afogar o ensino público e o que urxe é que o goberno da Xunta garanta os recursos humanos e económicos que a escola precisa para poder ofrecer un ensino público de calidade.



seguimos na loita contra a lomce e as reválidas

As declaracións de Mariano Rajoy durante o debate de investidura sobre a aplicación da LOMCE e sobre as súas “reválidas” foron unha burla macabra tras as mobilizacións multitudinarias que o 26 de outubro paralizaron o ensino, tanto na Galiza como no Estado. Esas declaracións pretenderon enganar a comunidade educativa e quixeron servir de coartada para que a súa investidura non fose considerada como unha traición en toda regra aos compromisos subscritos por todos os partidos agás o PP.

Lembremos que todos os partidos, agás o PP, comprometéronse no seu día a derrogar a LOMCE. O que propuxo Rajoy en sede parlamentaria foi manter a situación actual: no curso 2016-17 xa estaba previsto no calendario de implantación da LOMCE que a reválida de 4º de ESO non tería efectos académicos. Respecto á de 2º de bacharelato, as PAU xa non existen, foron substituídas pola “reválida”, pero descoñécese como se vai organizar.

Mentres, o profesorado e alumnado que cursan estes niveis están sumidos na desesperación, pois descoñecen a que terán que enfrontarse. As clases en bacharelato conclúen en maio, pero pouco parece importarlle isto ao xa novo presidente do goberno.

Sobre a “reválida”, o STEG desexa reiterar que:

- É unha proba innecesaria para tomar as medidas de atención á diversidade, en contra do que se anuncia. Diagnosticar ao alumnado nestas idades, e anteriores, xa o fai o profesorado na avaliación continua que a lei establece. As medidas de atención á diversidade xa se teñen que ter establecido dende os cursos anteriores e non é este instrumento un medio eficaz para establecelas; en ningún sistema educativo se toman as medidas de atención á diversidade a partir dos resultados dunha proba externa estandarizada.

- Producirá un efecto de estigmatización do alumnado que acadе malos resultados, pola formalidade e publicidade que implican estas probas.

- Supón unha desconfianza no profesorado, responsable lóxico e indicado da aprendizaxe do alumnado. É moito máis preciso e rico o diagnóstico que fai un profesional que coñece a/o alumna/o, as

súas circunstancias e a súa evolución, do que unha proba puntual e igual para todos.

- Significa tamén unha redución da autonomía dos centros, pois externaliza a confección da proba e descontextualízala.

- Supón un control do currículo, dado que toda proba mediatiza o desenvolvemento curricular por parte do profesorado, que se verá forzado a lles dar prioridade aos aspectos a avaliar e a lles restar importancia aos que non se avalían, en contradición coa idea da formación integral que debe presidir o ensino obrigatorio de toda a cidadanía.

- Apuntala unha cultura da avaliación puntual e externa, contradicindo a avaliación continua, que a propia lei marca como a que debe rexer nestas etapas educativas obrigatorias. Dará a impresión que son este tipo de controis os que lle dan fiabilidade ao traballo educativo nos centros e á aprendizaxe do alumnado.

No seu discurso de investidura, Rajoy negouse a derrogar a LOMCE e anunciou a posta en marcha - mentres esta segue en vigor - dunha comisión para establecer un “pacto por la educación”, que tería como base a mesma lei.

As “reválidas” poderán ser usadas como moeda de cambio nunha transacción que pretende conservar o esencial da LOMCE, isto é, o seu carácter segregador, xerarquizante e antidemocrático. A privatización do sistema educativo, aderezada co novo recorte de miles de millóns de euros esixido pola Comisión Europea, abre un mouro panorama para o ensino público.

Quen se faga cómplice destas políticas deberá responder diante da comunidade educativa do ensino público. O STEG e a Confederación de STES, xunto con esa comunidade educativa, seguirán reivindicando como única alternativa a derogación completa e total da lei educativa máis nefasta da historia.



recortes en educación: unha panorámica esclarecedora

Non ben se despexou o camiño cara a nova investidura de Rajoy, o ministro en funcións de Economía, Luís de Guindos, anunciou que o novo calendario de déficit pactado con Bruxelas requiriría axustes duns 5.000 millóns de euros en 2017 e 2018. Así, sen entrar en detalles, como quen non quere a cousa...

O “exceso de déficit”, que presuntamente ía ser compensado pola tan magnificada “recuperación” económica, conducirá inexorablemente, segundo a lóxica da dereita, a recortes drásticos en educación e sanidade nos vindeiros dous anos. Xaora, cómpre non esquecer aquel recorte “extra” de 10.000 millóns, non contemplado nos orzamentos do Estado e anunciado cunha nota de prensa nun día festivo en seis comunidades e sen a comparecencia por parte de ningún membro do Executivo, alá polo ano 0 dos recortes, o 2012.

Se alguén pensa que esta nosa análise peca de alarmista, que o peor da crise xa pasou, pode pescudar nos editoriais de *El País* (xornal capaz de quitar e poñer gobernos, ou cando menos secretarios xerais dalgún que outro partido) o traballo incipiente de argumentación neste sentido. Coa lectura poderá, asemade, auto-flaxelarse co popular “temos o que nos merecemos”. Neste caso, por equivocármonos ao votar non unha, senón dúas veces. Estamos como estamos, segundo os ideólogos de Madrid, debido ao “ano perdido” de goberno, non polo fracaso anunciado das políticas de *austericidio* económico.

En Galiza, a renovación do mandato de Feijóo, auspiciada pola imaxe de bo xestor creada a pesar da contundencia dos datos que proban o contrario, permite prognosticar outra “andanada” de recortes proporcionais aos vividos no 2012; co agravante engadido de que esta vez choverá sobre mollado.

No STEG non nos resignamos ante o que retrata esta análise, por incuestionable que a consideremos. Como Balzac, entendemos que a resignación é un suicidio cotián, polo que mantemos o noso compromiso na defensa do ensino público, denunciando por enésima vez a dureza dos recortes realizados e advertindo sobre o talante dos que en breve virán.



1euro
Lois G. Magariños

Nesta perspectiva, o presente artigo pretende ser un balance, en materia educativa, dos aspectos que teñen pasado máis desapercibidos das dúas lexislaturas de goberno de Núñez Feijóo. A pesar da contundencia dos datos presentados, somos conscientes da súa principal carencia: a análise está realizada a partir dos orzamentos presentados polo goberno desde o ano 2009 ata o 2016; falta o contraste, porén, coa execución efectiva dos mesmos. A opacidade neste sentido impídenos demostrar a nosa sospeita: que os recortes son maiores que os rastrexables a través dos orzamentos; que moitas das partidas non se executan completamente, sendo as contías retraídas destinadas a amortizar a débeda. Con todo e con iso, coidamos que a análise realizada permite lembrar a gravidade da situación e a absoluta necesidade de impedir os eufemisticamente chamados “novos axustes”...

Evolución dos orzamentos da Xunta de Galiza en Educación, Cultura, Sanidade e Débeda Pública entre 2008 e 2016 . (Elaboración propia)

concepto	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2009-2016
educación	2.304.467.902	2.404.450.04	2.379.151.821	2.222.223.280	2.210.203.847	2.066.834.821	2.046.716.398	2.048.218.396	2.148.155.616	-7,3% diferenza acumulada -1.709.646.101
	20%	20%	20%	23%	22,4%	22%	20%	21%	21%	
cultura	147.275.101	141.564.579	120.442.659	82.590.797	81.474.907	62.206.059	61.273.204	57.943.500	62.162.435	-56%
	1%	1%	1%	1%	1%	0,7%	0,6%	0,6%	0,6%	
sanidade	3.638.875.844	3.766.769.080	3.728.275.130	3.545.214.427	3.529.206.011	3.417.775.092	3.397.079.845	3.408.721.490	3.511.530.722	-7%
	31%	32%	32%	37%	36%	36%	33%	35%	34%	
débeda pública	619.309.449	393.043.895	672.577.100	605.175.889	830.590.743	1.110.857.232	2.071.115.131	1.515.100.598	1.598.200.386	+400%
	5%	3%	5%	6%	8%	11,7%	20%	15,5%	15,5%	
total orzamentos	11.556.123.655	11.792.823.088	11.686.232.484	9.708.017.219	9.858.456.530	9.479.889.414	10.281.347.155	9.790.361.592	10.310.241.402	-13%

datos en perspectiva

Na táboa adxunta recóllense as partidas económicas destinadas desde o ano 2008 ata o 2016 a Educación, Sanidade, Cultura e Débeda Pública, reflectíndose en cada cela a porcentaxe dos orzamentos dedicados a ese fin. Tomáronse como referencia para a comparación os anos 2009 e 2016, por seren ambos “anos electorais”- coa conseguinte xenerosidade orzamentaria-, e permitiren encadrar o legado das dúas lexislaturas do PP.

A primeira conclusión á que chegamos é que a apelación do goberno ao carácter fundamentalmente social dos orzamentos - chegando mesmo a presentalos como “os máis sociais da historia” nos momentos de maior dureza -, non se corresponde cun aumento de recursos para Educación e Sanidade, senón a un maior peso destes conceptos nos orzamentos como consecuencia do drástico recorte “perpetrado” no orzamento total da Xunta. Así, se fose conxelado o orzamento da Consellaría de Educación no ano 2009, e non contraído, nestes 7 anos a educación no noso país tería recibido mil setecentos millóns de euros máis dos que realmente recibiu.

Os datos vistos no seu contexto non falan de orzamentos sociais, senón de recortes brutais en *practicamente* todos os ámbitos... *Practicamente*, xa que é evidente e contundente o aumento da porcentaxe dos orzamentos dedicada ao pago da débeda pública. Se ben o saldo de +400% pódese considerar desproporcionado debido a que no ano 2009 orzamentouse a débeda cunha redución do 2% respecto a anos anteriores – novamente maquillaxe electoral? - é incuestionable a barbaridade que supuxo para o erario público asumir como débeda propia a débeda dos bancos e caixas de aforro...

a voltas coa equidade

Entre as liñas de actuación prioritarias para o goberno Feijóo, segundo adoita declarar, destaca a prevención do abandono escolar. Pois ben, ao analizarmos o investimento realizado nos últimos 8 anos, atopamos que a súa “aposta decidida pola loita contra o abandono escolar e a mellora do éxito escolar” se traduce na conxelación de persoal desde 2009 e na diminución de entre o 70% e o 90% nas transferencias ás corporacións municipais e nas contías destinadas aos programas ata o ano 2013, e na súa completa desaparición a partir do ano 2015. Con estas partidas menores, desde moitos concellos viña ofrecéndose profesorado de apoio para o alumnado sen capacidade para se sufragar unhas clases particulares, mais que precisa axuda fóra do horario lectivo. Estes recortes non son alleos á política desenvolvida polo Ministerio de Educación, xa que xa a partir dos orzamentos dos anos 2012 e 2013 desaparecen numerosos programas de grande importancia desde a perspectiva da equidade: Educa 3, Competencias Básicas, Ler para Aprender, Contratos-Programa, Plataforma FP, Formación do Profesorado, PROA...

Malia este balance vergoñento - conxelación dunhas partidas desde 2009 e redución ata a total desaparición doutras -, estamos ante unha das bazas ás que o goberno lle sacou maior rédito mediático. A través da reestruturación de programas xa existentes nos centros escolares como o Plan de Reforzo, Orientación e Apoio (PROA), Mellora da Lectura, Escritura e Cálculo, Mellora da Convivencia..., entre outros, recollidos baixo un marco único denominado contratos-programa, preséntanse cada ano ante a opinión pública nun acto organizado coa presenza do conselleiro e das direccións dos centros - que teñen que asistir para asinar tales contratos-programa - como se fose unha liña estratéxica de actuación da Consellaría.

No intento de ofrecer cifras que avalen o seu mantra de que son quen de facer “máis con menos”, presentan cada ano un maior número de centros sumados a estes programas. Como conseguen isto sen aumentar, mesmo reducindo, os orzamentos? Retrasando o comezo dos programas, que funcionaban anteriormente durante os tres

trimestres que dura o curso, a xaneiro ou febreiro, é dicir, reducindo a súa duración nun terzo... Unha actuación denunciada reiteradamente polo STEG e que dista moito de merecer ser cualificada como salomónica, xa que a perda de apoios necesarios ao longo dun trimestre completo para o alumnado como o do plan PROA, a “primeira avaliación”, supón un grave prexuízo que pode chegar a lastrar todo o curso.

Así, ao problema máis grave que ten o sistema educativo, o abandono escolar temperán, dedícaselle o 0,8% dos orzamentos de educación, demostrando que a *aposta decidida da consellaría* non é máis ca un exercicio de retórica cínica...

Porén, cómpre recoñecer que os datos de abandono escolar teñen mellorado durante a crise, a pesar dos recortes. Desde o STEG discrepamos radicalmente da análise realizada pola Consellaría, que se apunta o mérito e chega a atribuílo á posta en marcha da FP-Básica. Analizando as franxas de idade coas que se calcula o fracaso escolar, resulta evidente que esta medida non ten, aínda, ningún impacto sobre os datos presentados - aínda que a medio prazo terao negativo, ao non implantarse a FP-Básica en moitas vilas nas que existían PCPI´s -. A crise, coa desaparición da oferta laboral para alumnado sen cualificación - ou con ela - ten contribuído a que se persevere na procura dunha mínima cualificación. A alternativa que se lles ofrece: converterse en NI-NI (nin estudo, nin traballo).

Desde o ano 2013 a partida dos orzamentos destinada a bolsas para o alumnado universitario permanece conxelada en 3.180.000 euros. No ano 2008, nun contexto que aínda non se podía considerar de crise, era de 4.137.389 euros, o que supón unha redución do 23% a unha das principais medidas de compensación de desigualdades, que posibilita o acceso e a continuidade de estudos superiores a alumnado que carece de medios para os custear. A pesar disto, queda para os anos da manipulación informativa - sen recorrer á mentira- a presentación que no ano 2013 fixo o conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, dos dous aspectos dos orzamentos analizados neste apartado. Na súa intervención gabouse da suba do 2% respecto ao ano anterior na partida de bolsas para o alumnado universitario, cualificándoa de “aposta polo crecemento”. Minutos antes referírase á baixada no programa de prevención do abandono escolar como de “apenas 80.000 euros”, mentres que a suba nas bolsas universitarias non lle mereceu ser cualificada como de “apenas 61.000 euros”...

Cómpre salientar que a redución neta dun 23% nas bolsas universitarias ten unha repercusión maior nas economías familiares polo forte aumento do paro, a baixada de salarios e o incremento nos prezos de practicamente todos os gastos que se adoitan sufragar coas bolsas. Reducir nos mecanismos de compensación social no actual contexto de severa crise económica, nunha porcentaxe que duplica á redución experimentada no conxunto da consellaría (11,8%), pode definirse de calquera maneira menos de “solidaria”.

Se comparamos os cartos destinados pola Consellaría en axudas ao conxunto do alumnado universitario galego, apenas 3 millóns de euros, co custo dos concertos educativos aos cinco centros que en Galicia segregan o alumnado por sexo, estimado noutros 3 millóns de euros, estamos a facer un exercicio que o goberno non dubidaría en cualificar de demagóxico. Porén, quen xustifica os recortes como inevitables e pretende demostrar que están feitos con criterios solidarios debe ser quen de argumentar os motivos polos que destina a mesma cantidade de cartos para posibilitar a discriminación na educación de nenas e nenos de familias de rendas altas que a garantir o dereito a estudos superiores do alumnado de rendas baixas.



Neste contexto, o endurecemento de criterios para a obtención de bolsas universitarias é unha medida encamiñada a enmascarar a redución na partida dedicada a este concepto, e trasladar así a responsabilidade dos recortes do goberno ás persoas destinatarias das axudas. Nun marcado discurso clasista, a noción de dereito á educación superior substitúese polo dereito á educación superior para as persoas con recursos e só para as “mellores” entre aquelas que carecen deles. Pídeselle ao alumnado que devolva, con mellores resultados, o investimento que a sociedade está a facer na súa formación, no canto de ver as bolsas como a vontade colectiva de paliar as graves consecuencias que a inxusta distribución da riqueza na sociedade ten sobre a igualdade de oportunidades na que dicimos crer. Estamos, xa que logo, non só ante un recorte económico, senón ante unha severa involución democrática que abre a porta a máis medidas discriminatorias para o alumnado de rendas baixas que non chegue a resultados de “excelencia”.

Escola1
Lois G. Magariños



a formación artística: un luxo prescindible

Os Conservatorios de música dependentes dos Concellos teñen a consideración de públicos, polo que o sostemento destes centros depende en boa medida das partidas orzamentarias que a Consellaría de Educación lles destina a través do programa 442E de ensinanzas artísticas. Idéntica sorte corren as Escolas de música municipais, a pesar da especial responsabilidade das corporacións locais nesta materia. A notable demanda de ensinanzas de música, ben sexa para realizar unha formación non regrada nas escolas, ben sexa para desenvolver estudos conducentes á titulación, esixe unha aposta orzamentaria que permita a difusión e extensión destas ensinanzas por riba das posibilidades económicas das familias. Máxime se temos en conta que a formación artística sae moi mal parada no currículo educativo no ensino obrigatorio.

Porén, as subvencións da Consellaría destinadas a sufragar gastos de funcionamento e profesorado nos Conservatorios e Escolas de música municipais reducíronse desde 2009 ata 2013 nun 64,7%, e desapareceron completamente a partir do 2014. Esta medida produciu un cuantioso aumento nas taxas de matrícula que nega a unha parte considerable da poboación a oportunidade de iniciar ou continuar os seus estudos musicais. Volvemos así aos tempos en que o acceso á educación artística era unha prerrogativa das clases medias e altas que, ademais do indubidable enriquecemento persoal, obtiñan con ela un prestixio social derivado precisamente do seu carácter elitista.

e máis

Debullar o alcance de todos os recortes en educación está máis alá das posibilidades deste artigo, polo que escollemos algúns dos exemplos que están a pasar máis desapercibidos ante a opinión pública, en comparación con aspectos máis “recoñecibles” coma a considerable redución de profesorado, a introdución do “repago” nos comedores escolares, a desaparición da gratuidade de libros de texto, etc. Non queremos deixar de enumerar outras partidas que sufriron minguas considerables, coa seguranza de que os datos falan por si sós e demostran a urxencia de loitar para deter novos recortes.

- Nas dúas lexislaturas de Núñez Feijóo reduciuse a contía destinada a reparacións, ampliacións e melloras dos centros públicos de educación secundaria nun 88% e en educación primaria en máis dun 50%.
- As axudas ao alumnado de FP para sufragar os custos derivados das prácticas de formación en empresas mingouo nun 80% desde o 2009.
- As axudas á confederacións e federacións de ANPAS diminúen un 45%.
- Desapareceron completamente as axudas aos movementos de renovación pedagóxica.
- As axudas ao alumnado para a aprendizaxe de idiomas estranxeiros decaen un 86%...

Desde o STEG non só cremos que a economía é sempre economía política, senón que afirmamos que os recortes son sempre recortes políticos. Non deixa de ser clamoroso o silencio dos gobernos central e galego sobre asuntos como

- o custo que supón manter a relixión no ensino - só en Galiza 27 millóns de euros, abondo para garantir a gratuidade dos comedores escolares e dos libros de texto, ou multiplicar por 9 veces as bolsas universitarias...- ;
- o caro e inútil que resulta repetir curso, o que, segundo a propia OCDE, eleva o gasto educativo cando menos un 10% e non serve para nada máis que para agravar as desigualdades sociais no seo da escola...;
- o custo de manter un dobre sistema educativo, público e privado-concertado.

Son graves as consecuencias que os recortes económicos na educación pública terán a medio prazo na nosa sociedade, como o son tamén os prexuízos que a LOMCE supón para a equidade e a calidade educativa. Recortes e LOMCE son dous motivos ben poderosos para que a comunidade educativa no seu conxunto siga mobilizándose.

a insoportábel levedade da universidade pública

No primeiro informe oficial publicado dende o Ministerio de Educación sobre a lacra da endogamia - un eufemismo de corrupción - nas universidades españolas, reflectiuse que o 73% do corpo docente da universidade pública do curso 2013/14 estudou no mesmo centro no que está contratado. É dicir, gañou a súa praza na mesma universidade onde fixo a tese. Aínda que o estudo non analiza se polo medio deses dous feitos o/a investi-gador/a fixo carreira noutro centro nacional ou internacional, a elevadísima cifra de 'candidatos/as da casa' que gañan as prazas nas universidades españolas é un sinal claro de que, como diría Shakespeare, "algo está podre no estado de Dinamarca".

Anteriores estudos desenvolvidos por investigadores do CSIC, xa poñían de relevancia que ser profesor (home) endogámico, e non móbil, nunha universidade pública española supón estar nunha posición de vantaxe para alcanzar a titularidade ou unha praza permanente fronte dun profesor ou profesora non endogámica e móbil.

A endogamia ou corrupción universitaria, que de tanto manoseala a temos tristemente normalizada como parte inherente do sistema universitario español, é blindada polos departamentos universitarios que establecen mercados de traballo internos quer con listas de agarda, quer cunha "orde informal" e paralegal na promoción dos/as membros do propio departamento, e que utilizan as prazas como recompensa á lealdade e non á capacidade dos/as candidatos/as. Este sistema implica, por un lado, unha baixa mobilidade dos investigadores e das investigadoras por medo a perder a súa cadeira (case un 70% dos futuros profesores e profesoras non se moveu do seu centro de estudo, o que lles permitiu sacar alí a súa praza) e, por outro lado, limita o acceso público e libre á universidade, xa que supón un risco e un custo demasiado elevado para quen vindo de fóra quere presentarse a unha praza noutra universidade (o que fai que ao redor dun 65% das prazas universitarias teñan un/unha único/a candidato/a).

A deliberada pouca concreción nas leis estatais e autonómicas que regulan o acceso ás prazas universitarias - que en calquera caso poñen sempre por riba os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, continuamente pisoteados polas tramas corruptas do poder universitario - e a defensa acérrima da autonomía universitaria para decidir cando, onde e como se convoca unha praza na universidade, convértese nun cóctel explosivo que favorece un sistema de acceso pouco transparente e baseado no colegueo de quen xa está dentro e pula por meter aos seus.

Isto fai que un proceso que debería ser universalista e baseado nos méritos se convirta nun proceso particularista sustentado na lealdade institucional. Particularista é tamén a loita de quen sendo vítima deste sistema de recrutamento reclama xustiza fronte da institución ou dos xulgados. Luis Sanz-Menéndez, investigador do CSIC, contabilizou ao longo de 20 anos 35 anulacións de prazas por parte de tribunais superiores de xustiza. O que ocorre moitas máis veces, por desgraza, é que as reclamacións non chegan aos xulgados, ou cando chegan a xustiza non se pronuncia en contra dunha mal entendida autonomía universitaria.



Aulario no Campus Universitario de Vigo

os puntos máis críticos

Pero, cales son os puntos máis críticos do procedemento actual de acceso á universidade?

En primeiro lugar, son os departamentos (pequenos reinos de taifa dentro da universidade) os que propoñen os nomes dos/as que van facer parte da comisión avaliadora, que acostuman ser aprobados case automaticamente polo goberno da universidade, sen que haxa unha normativa clara que limite a presenza de persoas intimamente relacionadas co candidato ou candidata 'da casa' (como pode ser o director ou directora da tese ou os seus compañeiros e compañeiras de investigación). Ademais, esta aprobación da comisión avaliadora faise na meirande parte das veces co voto do/a propio/a 'candidato/a da casa' que se converte así en observador/a e controlador/a das decisións dos seus compa-ñeiros e compañeiras.

Unha vez aprobada a comisión avaliadora, publícase no DOG ou no BOE a convocatoria da praza, sen un baremo claro dos méritos que se van avaliar e sen que se fagan públicos os currícula dos membros da comisión, aínda que a Lei do Emprego Público de Galicia 2/2015 de 29 de abril e a Lei Orgánica de Universidades 4/2007 de 12 de abril así o esixen. Ademais, a convocatoria da praza soe saír publicada no DOG ou no BOE cun perfil que pretende limitar o acceso á mesma e que soe corresponder coa experiencia docente e/ou investigadora do/a candidato/a da casa.



Transcorrido o prazo establecido, coñecidos que candidatos/as van presentarse á praza, e coñecidos polo tanto tamén os seus méritos, a comisión avaliadora reúnese (nunha porcentaxe altísima das veces unhas horas antes de dar comezo o concurso) e establece os criterios que se van ter en conta na mesma e a puntuación que eses criterios van obter. Dado que en ningún sitio está establecida a relación dos devanditos criterios nin o que estes teñen que abranguer, atopámonos en numerosas ocasións cuns criterios de baremo do seguinte tipo: “outorgarase un 50% aos méritos investigadores, un 30% aos méritos docentes e un 20% aos méritos de xestión, priorizándose a docencia universitaria en XXXX” co que ademais de non especificar a puntuación que vai recibir cada mérito perfírase novamente a praza favorecendo, por regra xeral, ao candidato ou candidata ‘da casa’. Esta pseudobaremación leva nalgúns casos a situacións tan rocambolescas como que cada membro da comisión conceda puntuacións distintas ao mesmo artigo de investigación ou ao mesmo número de horas de docencia oficial ou que cada un/unha use o seu propio baremo para chegar ás porcentaxes previamente establecidas, o que fai desquiciante e practicamente imposíbel unha potencial reclamación.

Finalizada a exposición pública dos candidatos, os/as membros da comisión fan en moitos casos o paripé de retirarse a deliberar nunha sesión a partir de entón xa non pública. Trala deliberación a porta pechada e sen que estean presentes en moitas universidades os/as representantes dos/as traballadores/as, faise pública a relación de candidatos/as elixidos/as para ocupar a praza, que sen que se produzan moitas sorpresas é nun 90% dos casos para o/a candidato/a da casa.

Malia que normativas xerais de órganos superiores obrigan aos membros da comisión a baremar - é habitual escoitar a algúns deles afirmar impunemente “por que teño eu que dar puntos os candidatos, eu escollo a quen me pete”- e a entregar un informe razoado coa relación de candidatos/as, a realidade é que en numerosas ocasións os informes razoados redúcense a nomear a preferencia polo/a candidato/a da casa sen que figure puntuación ningunha.

Aínda que cada universidade posúe unha Comisión de Reclamacións presidida polo reitor para tratar as posibles reclamacións derivadas da convocatoria das prazas de profesorado permanente, esta comisión rexeita sistematicamente as reclamacións que lle chegan, mesmo que estas inclúan a ausencia de baremación, a detección de plaxio no proxecto docente (un delito bastante habitual), a falsificación de méritos presentados por outro/a candidato/a ou as denuncias de amizade manifesta dun membro da comisión avaliadora con algún/algunha dos/as candidatos/as.

As estruturas do poder universitario despachan tales reclamacións con que todo iso correspóndelle xulgallo aos membros da comisión avaliadora, o que se converte nunha pescada que se morde a cola. Deste xeito, ao/á candidato/a rexeitado/a só lle queda presentar nos xulgados un recurso contencioso-administrativo contra a universidade, a cal defenderá con diñeiro público as prácticas corruptas de contratación docente implantadas na universidade pública española desde practicamente a fin da Transición.

De conseguirse demostrar a mala praxe dos/as membros da comisión avaliadora, estes non reciben ningún tipo de amoestación nin prexuízo, e poden volver a facer parte de comisións avaliadoras, podendo volver a actuar da mesma maneira na seguinte ocasión e perpetuando un sistema manifestamente fóra da lei.

Todo isto fai que no acceso ao corpo docente das universidades españolas se vulneren impunemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os de imparcialidade, profesionalidade e transparencia, e todo isto, non o esquezamos, con diñeiro público.

a nosa alternativa

Dende STEG-Universidade defendemos que o acceso a un posto docente observe os dereitos fundamentais establecidos na Constitución española - se a xudicatura obrigase a cumprir as nosas leis actuais sería unha revolución sen precedentes - dun xeito universalista e baseado nos méritos, rematando co sistema actual de recrutamento e abrindo, de xeito real, a contratación docente a candidatos ou candidatas externas que favorecerán un incremento da calidade docente e investigadora da universidade que os/as acolla.

Para iso, na convocatoria das prazas, nas que non debería de figurar perfil ningún, ten que estar incluído un baremo detallado e específico para os distintos méritos co que a comisión avaliará aos/as candidatos/as, evitando así que ese baremo se faga cando xa se ten constancia de quen se vai presentar. Nesa mesma convocatoria deberían ser publicados así mesmo os currícula dos membros da comisión avaliadora acreditando a súa profesionalidade e imparcialidade. Na defensa desta imparcialidade é obrigatorio unha normativa clara que permita a non inclusión nas comisións de profesores/as 'intimamente relacionados/as' persoal ou academicamente con algún/algunha dos/as candidatos/as, obrigando á presenza de avaliadores e avaliadoras externas na comisión e prohibindo a presenza do futuro candidato ou candidata na elección dos membros da devandita comisión.

Elixida unha comisión avaliadora profesional e independente, a Universidade debe velar porque esta aplique o baremo de xeito rigoroso e imparcial e xustifique no seu informe a puntuación detallada dos/as candidatos/as e a decisión da orde de preferencia para o acceso á praza.

Así mesmo hai que permitir a presenza de representantes sindicais nas sesións de deliberación para favorecer procesos máis independentes, xustos e transparentes, e acabar coas nada invisíbeis redes corruptas das universidades e os ámbitos xudiciais.

A finais do século XIX, o presidente de Harvard Charles W. Elliot, plantexou que a endogamia era 'unha práctica indesexable para a selección e o recrutamento nas institucións académicas', o que levou á limitación consciente no recrutamento dos propios doutores nas institucións americanas e consecuentemente ao desenvolvemento dun sistema máis aberto, universalista e baseado nos méritos. Corenta anos despois da morte do franquismo, a universidade galega e española segue conservando as esencias do mesmo. Tal e como sucedía no período franquista, a vida universitaria segue en mans de mandaríns cuxa lexitimidade está á marxe da súa capacidade docente ou investigadora. A falta de democracia no mundo universitario ten permitido que clans de traballadores/as públicos/as téñanse transformado en *lobbies* que impoñen a lei fóra da lei. A prestixiosa revista *Nature* ("Spanish universities and the obstacles for development", decembro de 1998) describía con detalle o grao de putrefacción do sistema de contratación de profesorado das universidades españolas para cuestionar a posibilidade de crecemento e rexeneración das mesmas. Case vinte anos despois os agoiros cumpríronse de sobra.

En outubro de 2014 o profesor universitario Rafael Escudero denunciaba a proliferación de grupos "dirixidos por un ou varios catedráticos fortemente xerarquizados" que controlan a toma de decisións tanto nas reitorías como nas consellerías de ensino, de maneira que "a carreira profesional dun/dunha docente ou investigador/a universitario/a depende en gran medida" da lealdade a estes pequenos grupos ben organizados que sintonizan cos poderes públicos de turno. Organismos como a ANECA, dedicados a avaliación da docencia e investigación, funcionan como chiringuitos supeditados a decisións políticas grupais ou externas.

A Universidade é un dos espazos laborais menos permeábeis á fiscalización sindical e resulta durísimo traballar nese eido desde unha perspectiva democratizadora, inclusiva e constituínte. Desde STEG Universidade cremos que a práctica pasa por evitar que nas futuras eleccións gañen e manden os de sempre, os que veñen gobernando a universidade galega e española con prácticas escasamente democráticas.

Os hábitos corporativos universitarios mantéñense décadas despois retroalimentados pola aceptación desas prácticas corruptas polas novas camadas de docentes e investigadores/as. Son prácticas corruptas impropias dunha sociedade democrática que antepón nas institucións a virtude aos fins espurios de minorías. Herdanza, agora si, do período duro do felipismo e do transformismo político posterior, como ten recontado en *El cura y los mandarines* o Gregorio Morán: cando se escoita a palabra cultura, ou universidade, tírase man da chequeira.

obradoiro de fotografía e edición de son

8 horas homologadas.

Sábado 19 de novembro de 2016.

CEIP de Pedrouzos, Brión (A Coruña)

Obradoiro internivel, teórico e práctico, para as áreas de Novas tecnoloxías, Integración didáctica das TIC e Recursos didácticos.

Obxectivos da actividade: Coñecer as características xerais do software de edición de son e de fotografía. Xustificar as razóns do uso destas ferramentas no ensino. Identificar as principais aplicacións para edición de son e fotografía. Dar a coñecer as súas características.

Programa de contidos: Filosofía e características xerais da edición de son e da fotografía. Vantaxes e eivas no seu uso. Aplicación do software de edición de son e fotografía no ensino. Manexo básico de Audacity, Souncloud e YIMP. Programas de software libre máis característicos en educación: Gimp, LineCamera, Aviary, OcenAudio, Wavosaur.

Número de prazas: Máximo de 20 prazas (30% delas, como máximo, para persoas desempregadas).


Matriculación: Farase unicamente cubrindo a folia de inscrición (dispoñíbel en www.steg.gal)

Criterios de selección: As persoas participantes no curso serán seleccionadas por orde de chegada das distintas solicitudes, tendo preferencia as/os afiliadas/os ao sindicato convocante.

Persoas relatoras: Diego Pérez Castro e Paula Gómez del Valle y Gómez.

Custo da matrícula: 10 euros.

Para matricularse, cubrir o formulario no web do sindicato e facer ingreso no número de conta de Abanca: ES89 2080 5138 8730 4001 2186, consignando como concepto: "Matrícula Obradoiro de fotografía e son". O prazo de inscrición péchase 48 horas antes do comezo da actividade.



pobriña de ti

O fogar de Breogán mudou a súa vestimenta. Polas noites xa non oíu o son dos grilos e as cigarras, e os lobos parecen quitados dunha especie de lenda que algunha vez contaron os meus avós. Agora escoito un chílo alleo, coma unha broca grande que fura nas paredes. E tamén nos miolos. Seica provén dunha fundición que está preto de aquí e que traballa día e noite.

Xa non gardamos as sobras da comida para engordar aos *marraos*, mercámoslos xa grandíños nunha granxa desas que din que os sacan a pasear e non lles dan máis ca cousas boas de comer. Quedan media ducia de pitas, unha delas algo vella e xa case non pon ovos. Antes tiñamos cerca de vinte pero un día o raposo saltou o valado e matou case todas. Tiñades que oír ao veciño, “O zorro! O zorro!” parecía que nunca tal vira. E non me estraña, o *zorro* xa non se ve todos os días. Xa non me lembro cando marchou a última vaca da aldea.

As leiras están a monte, polo menos a maioría. Agora o único que sacha é *O Home*. *O Home* é un rapaz que cobra dez euros á hora por traballar a terra e outras desas labores que antes facía calquera. Non dá feito, cando remata o mes de agosto e toca apañar as patacas, hai que ter día co *Home*, se non, non che queda máis remedio que facelo ti mesmo. Polo ben das nosas patacas agardo non perder a cita co *Home*. Facémonos parvos co tempo, resulta curioso que un tipo que pode resolver ecuacións en derivadas parciais non sexa capaz de sachar sen partir as patacas pola metade. Só a avoa Isaura pode entendelo, ela o entende todo, son moitos anos de experiencia co *rianxo* no mercado.

As patacas son as nosas salvadoras. As leiras que non teñen patacas, teñen toxos. E, no verán, o lume anda á espreita, a ver se pesca algo. É falar do lume e virme á cabeza o Luisiño, un bo rapaz que traballa no monte de forestal, “Vamos rapaces! Ese lume non pode saltar!” berraba a carón dunhas labaradas de varios metros de altura. E saltou, carallo se saltou. Penso niso e véñense as bágoas aos ollos. O “nunca máis” de tódolos anos queda sempre reducido a cinzas e o ano que vén volverá a chover po gris, sangue das nosas árbores.

Hai heroes que non levan capa, coma o Luisiño ou o *Home*, persoas que coidan o que queda do noso rural, o berce da nosa cultura e a nosa lingua. Agora, a xente nova vai á cidade a estudar en escolas plurilingües. Aprenden inglés, para emigrar despois ao estranxeiro en busca dun futuro mellor, mellor ca cal? Mentres, na aldea, a avoa Isaura segue a arrincar as malas herbas a man, tombada na terra aos seus 91 anos. Se iso non é ser unha heroína que me trague a terra.

Galiza, o peso da túa historia recae sobre as ombreiras de Isauras e *Homes* que miman o teu valeroso chan e Luisiños que protexen o teu verdor cinguido. Os bos e xenerosos marchan a Londres e Berlín a servir cafés noutros idiomas mentres o teu rouco son esmorece. Seica sempre fomos así, un país de mozos que queren emigrar ao mesmo tempo que os xa emigrados queren volver. Mentres, ti choras co teu orballo de outono e agardas a que os heroes e heroínas esperten aos demais dese sono atrofiado que lles impide ver a realidade.



falabaratos na educación

Chega un conductor a un taller mecánico e dille ó home engraxumado que o atende: “O meu coche está averiado”. O mecánico tras examinar a máquina di: “Buff, isto vai ser a transmisión, serán uns dous mil euros”... O home resposta: “Prefiro que sexa o alternador, que son sesenta, cámbiamo e marchó”.

As profesoras e profesores queixámonos todo o tempo das inxerencias no noso traballo: dende a administración, dende os comités de sabios... Pero sobre todo dende os pais e nais.

O paralelismo coa historia anterior xorde da idea de que os proxenitores non saben qué está a suceder na escola, pero queren impor solucións dende unha óptica individual... Pero non son os únicos.

Imaxino que os lexisladores crerán que nós, os que estamos nos institutos, non sabemos o custo de facer unha lei ou como funciona o complexo formato da acción lexislativa. Dedúcese tamén que os pedagogos e pedagogas pensarán que ninguén máis comprende as complexidades da educación dende o seu punto de vista.

En fin, que estamos nun mundo de falabaratos no que todos levamos dentro un seleccionador de fútbol.

Temos un problema relacionado coa comunicación e a desconfianza pero que tamén se estende na loita entre a participación popular e a xeración intelectual das élites.



A aportación social baséase no concepto da intelixencia colectiva, a idea de que entre todos somos mellores que o mellor de nós. Coas votacións descartamos con lexitimidade ós líderes que non fan chegar o seu discurso, iso é unha forma innegable de valorar a validez dun candidato ou dunha idea. Pero tamén é certo que ás veces elixense presidentes que cometen faltas de ortografía porque conectan mellor coa masa que os ‘cerebriños’.

Pola outra banda está a idea de que debemos elixir ó mellor de entre nós para a dirección, e tras diso, obedecer. Unha idea platónica de perfección intelectual que leva ó elitismo e á desconexión coa sociedade. Os representados poden rapidamente sentirse tiranizados.

No noso presente este conflito entre élite eleixida e pobo participante está de actualidade en moitos eidos da vida económica e política. No PSOE discuten se os militantes ou os comités son os que deben tomar as decisións, un bo exemplo dos contrasentidos - beneficiosos ou nocivos - da democracia representativa. Pola súa banda, no mundo económico ponse en dúbida o concepto de xefe e tense en conta cada vez máis o papel do coordinador, do líder colaborativo. Interesante, xa que o mundo dos negocios ten tendencia a anticipar os movementos na sociedade e na política.

En canto ó tema que nos ocupa, que é a educación: Na antiga Atenas, estar a loitar nas batallas daba dereito a que a túa opinión se tivese en conta. Facer unha lei na que non cree o colectivo que a vai levar á práctica é un fracaso anticipado. Non creo na LOMCE por moitos motivos, pero principalmente porque non está consensuada cos que estamos nas trincheiras. A intelixencia colectiva do profesorado pode aportar moito e moi bo a calquera dos textos legais que sobre da educación se xeneren de aquí ó futuro.

Por outra banda, non sexamos nós os falabaratos. Debemos ter un nivel de autocritica corporativa. Non somos lexisladores e si somos parte interesada, non sempre neutral nin ben intencionada. Ás veces é bo que alguén dende fóra poda sacudir o paradigma dos prexuízos e dos costumes. Aí poden aparecer as aportacións deses compañeiros/as no esforzo educativo que son os pais/nais. Débese coñecer e valorar a súa intelixencia colectiva que é aínda maior en número que a nosa. Temos tamén que poder confiar en expertos coma pedagogos e lexisladores, pois poden ter unha visión de conxunto e unha formación específica que faga unha melodía da cacofonía de miles de voces (coma a miña neste momento) que falan sobre do tema. O grupo grande é complexo, ten difícil crear as liñas mestras dun grande plan, é no grupo pequeno ou dentro da cabeza dun único individuo onde se poden crear elementos coa coherencia necesaria para o éxito.

Charles Bukowsky, entre copa e copa, e libro e libro, de vez en cando filosofaba en alto: “Un intelectual é aquel que di unha cousa sinxela dun modo complicado; un artista é o que di unha cousa complicada dun xeito sinxelo”. Quizais a solución estea en conseguir que algún individuo que comprenda a arte de educar exprese de forma clara un espírito co que un bo número de tecnócratas, debatendo en aberto e recibindo os aportes da intelixencia colectiva, escriban un texto legal que teña sentido e que, ó final, sexa aprobado primeiro pola comunidade educativa e logo polo conxunto da sociedade.

entrevista con anxo angueira

Emilio X. Ínsua

Natural da aldea de Manselle, na parroquia de San Xíán de Laíño (Dodro), onde naceu en xaneiro de 1961, Anxo Angueira Viturro é o actual presidente da Fundación Rosalía de Castro. Á súa destacada traxectoria como activista cultural nas Redes Escarlata e como poeta e narrador une a condición de docente e catedrático de lingua e literatura galegas, polo que non quixemos privarnos do pracer de conversarmos con el sobre todas estas facetas.

Foches alumno en Padrón de Bernardino Graña, que deixou en ti unha pegada fonda, segundo se deduce do fermoso poema que lle dedicaches (“soubo engaiolar con xustas verbas”, dis nun verso). Que lembranzas tes deses tempos de estudante?

Foron anos marabillosos. Había unha revolución extraordinaria nos nosos corpos adolescentes que ía parella á operada nos nosos coñecementos a través do Instituto e das lecturas e, sobre todo, á que se estaba dando na rúa. Morría Moncho Reboiras, morría Franco... e todo parecía estar nacente. Gardo moi boas lembranzas de case todo o profesorado e, naturalmente, de Bernardino Graña, que deixou unha poderosa semente de literatura e poesía en toda aquela xeración.

As túas orixes rurais e a túa extracción social humilde, non supuxeron un estigma nesa etapa? Imaxino que daquela o “señoritismo” na vila de Padrón aínda tiña algún predicamento, non?

Claro, claro. Eu xa fora á escola a Padrón desde os 10 anos. Vivín toda esa época na vila coma un rapaz de aldea, pero era un estigma que sempre levei ben. Acudíamos a Padrón mozos e mozas de Rianxo, Laíño, Valga... E fixemos Padrón noso. Padrón é unha vila así, complexa, feita de varios fíos, onde cabe o popular e o elitista. Pero tamén che podo dicir que no propio cerne da vila había e hai unha corrente de pensamento republicana e galeguista que convivía co franquismo. É iso o que explica, con Rosalía, a forza e a presenza da bandeira galega en Padrón nos anos da ditadura e que fixo da vila un lugar de referencia e de respiro.

E como che “naceu a conciencia”, que diría Rigoberta Menchú? En que momento comeza a túa traxectoria de activista polo país e en que ámbitos ou con que referencias se insire inicialmente?

Nos anos do Instituto de Padrón. Foi aí onde confluíron para min diferentes feitos, vivencias, contactos e lecturas. Na casa en que vivía tiña o meu dispor unha biblioteca magnífica. Tiña a Manuel Antonio, a Sartre, a Camus... mesmo o Ruedo Ibérico, e por suposto as novidades daquel tempo, como a

primeira edición de *Con pólvora e magnolias* (1976). E tiña a Amancio Prada con Rosalía e o José Afonso... Convivía cunha persoa que me marcou fondamente, que lía e escribía, e que exerceu en certo xeito de guía maior: Xosé Luís Cristobo. E fóra, na rúa, estaban manifestacións de tanto impacto coma a do aniversario da morte de Reboiras, alí, nos meus fuciños, no Espolón de Padrón. E estaba o Instituto, con colegas de similares inquietudes e profesores que estaban da nosa beira, non só Bernardino. E estaba tamén O Sacho, a asociación cultural de Padrón, todo un fito histórico na vila e na comarca. Foi no instituto onde dei os meus primeiros pasos na escrita literaria, mesmo na investigación, e tamén na militancia política.

Tocouche facer estudos universitarios na Compostela dos anos inmediatamente posteriores á morte do ditador. Que lembranzas gardas daquel tempo? E da Facultade?

A miña vida universitaria foi pouco convencional. Vivín en Padrón e Manselle practicamente todos eses anos, dado que tiña que traballar. Facíao nunha empresa familiar repartindo mercadorías, na oficina... Así que ía e viña a Compostela practicamente tódolos días. En xeral eu andaba queixoso de que o que eu quería

TERRA DE IRIA

Viaxe ó país de
Rosalía de Castro

Anxo Angueira

Anxo Angueira

Iria

Anxo Angueira

Pensa nao

aulas libres

19

estudar, Filoloxía Galega, fose unha subsección de Filoloxía Hispánica. Estaba queixoso de moitas cousas. E algo desnortado. O brillo da aprendizaxe do Instituto parecía que se estaba esvaíndo. Con moi poucas excepcións, aquela Facultade decepcionoume. Estaba iso si, dentro das murallas da cidade vella, en Mazarelos, e iso era para min algo que lle daba un especial encanto. Depois estaban os colegas, algúns dos cales xa tamén escribían... Creo que foi unha etapa gris da miña vida. De feito, recuperei as miñas inquedanzas académicas moito despois. Fixen a tese con máis de corenta anos!

No libro de viaxes *Terra de Iria*, que publicaches en 2002 nas desaparecidas Edicións A Nosa Terra, fas un percorrido moi emotivo pola túa comarca de nacemento, poñendo á vista un senfin de referencias e elementos de interese que adoitan pasar desapercibidos. Como avalías o aproveitamento que se está facendo hoxe das potencialidades desa comarca para o progreso das súas xentes?


Para min foi un enorme pracer escribir ese libro. Tratábase de indagar na miña propia terra, mesmo de demarcala, por riba das provincias e das divisións administrativas. Creo que *Terra de Iria* está moi ben para falar de Padrón e concellos limítrofes, esas terras onde morren o Sar e mailo Ulla, tan ben descritas por Rosalía en “Como chove miudiño”. Creo que hai un desaproveitamento manifesto. En xeral as autoridades déixanse ir. A iniciativa pola súa banda rexístrase en moi contados casos: sempre está en mans de asociacións con inquietudes pero que carecen de capacidade política.

A comarca de Iria (co monte Meda e cos ríos Ulla e Sar) é protagonista indiscutíbel, ademais, das túas novelas *Pensa nao* (1999, Premio Xerais) e *Iria* (2012). Ambas teñen un recendo histórico e épico moi forte, que se combina con moito lirismo no manexo da linguaxe. Vense, ao meu ver, dúas novelas moito máis maduras, ambiciosas e poderosas (quizais por seren menos “sentimentais”) que *Bágoas de facer illas* (1997, Premio Café Dublín) e *A morte de A.* (2003). Compartes esta opinión? De cal delas estás a día de hoxe máis satisfeito?

Si, estou de acordo. *Pensa nao* e *Iria* son novelas con anos de documentación e reflexión. *Pensa nao* foi escrita contra a destrución da miña aldea, do seu pasado, da súa historia. Tratábase de describir unha aldea distinta ás convencións literarias e políticas herdada desde había décadas e que situaban os labregos de costas ós avances técnicos e ó asociacionismo político. Foi apaixonante. A intrahistoria da súa escritura ten implicacións persoais moi fondas, como as cartas familiares da emigración desde fins do XIX, os testemuños orais... e a propia memoria dos traballos e dos días. Era tamén unha homenaxe a Manselle, considerada durante moitos anos a aldea rusa da parroquia, e á II República, ós “americanos” que viron esgazadas as súas vidas no 36: fuxiran á emigración en 1900, regresaron nos anos vinte con cartos e proxectos de modernización e rexeneración e o fascismo botounos de novo a América. En *Iria* tamén me impliquei moi a fondo. Mentres a escribía entendín ata que punto a paisaxe do Ulla final, enchendo e devalando coas mareas da Arousa e cruzado por dornas e galeóns nas memorias desde a miña aldea, puido condicionar toda a miña escrita literaria. *Iria* permitíume cumprir un soño: navegar a vela e facer que as dornas e os galeóns volvesen ó meu particular río da vida. Estou moi satisfeito coas dúas. Ademais, elas esíxenme unha terceira con insistencia. Outra novela que peche o meu particular ciclo histórico. A ver se pode estar á altura.

Poucas persoas coñecen tan a fondo a obra literaria (e non só) de Méndez Ferrín. A ela dedicaches unha *Guía de lectura de Con pólvora e magnolias* en 1992, unha edición da *Poesía enteira de Heriberto Bens* (1999) e mais a túa tese de doutoramento, logo editada por Xerais (2009) co título de *A espiral no espello. Bretaña, Esmeraldina e o sistema literario galego*. Coidas que aínda se move a súa obra nas quinielas para o Nobel? Que méritos ou virtudes máis relevantes destacarías dela?

Se hai un autor galego que concite certa unanimidade á hora de recoñecementos, ese é Méndez Ferrín, creo eu. Os méritos e virtudes son



difficilmente sintetizables e tanto no ámbito literario coma no político son basilares para entender a Galicia contemporánea. Creo que ó tempo que buscou a autonomía do campo literario (Bourdieu) defendendo que o principal compromiso do escritor é coa función poética da linguaxe, tamén fixo unha intervención decidida e moi exitosa no campo literario galego, nas súas máis relevantes encrucilladas, sempre desde unha perspectiva de vangarda e en diálogo coa literatura universal. A súa traxectoria literaria é especialmente brillante. Pensamos no Ferrín poeta e narrador. Pero están tamén aí, e moi poderosos, o Ferrín investigador e ensaísta ou o Ferrín articulista ou o que fixo posible *A trabe de ouro*. Velaí o Ferrín coma un faro de luz permanente.

En 1995 publicas un traballo divulgativo, titulado *De Rosalía a Dieste*. 33 anos das Letras, que xira arredor das figuras homenaxeadas ata esa altura o 17 de maio. É esta unha data simbólica moi cuestionada ultimamente desde algúns sectores. Que opinión tes dela, da súa “utilidade” normalizadora ou da súa propia concepción?

Eu defendín sempre o *Día das Letras Galegas*. Que sexa festivo ou deixe de selo non me parece especialmente relevante. Agora: prefiro que o sexa antes cá Inmaculada Concepción ou o Día do Pilar, poño por caso. Parécenme absolutamente nefastas as críticas que o poñen en cuestión, algunhas moi propias do autoodio. O DLG é unha das grandes conquistas da nosa cultura, iniciada e consolidada xa en pleno franquismo. Oxalá teña unha longa vida!

No teu ensaio *Das copras de Sarmiento ós Cantares de Rosalía de Castro*. Cara unha nova periodización do Rexurdimento, editado en Berlín por Frank & Timme en 2013, sostés unha proposta de consideración da figura

do ilustrado e do seu *Coloquio de 1746* como auténticos precursores e alicerces do Rexurdimento, o que implicaría unha revisión moi a fondo dos conceptos que vimos manexando ata o momento na periodización da nosa literatura. Que tal está sendo a acollida a esta túa proposta?

Pois creo que o mundo que xira arredor da Historia da Literatura, especialmente no ensino, é un mundo en xeral conservador, para o que é máis cómodo non cuestionar o relato canónico, repetir o consabido. Neste sentido, o dito por Carballo Calero, con tódolos acertos e tódalas eivas e prexuízos, continúa indo á misa. Penso que iso, por outro lado, é o normal. Aínda así, está claro que non só eu, se non que moita outra xente e nos máis diferentes aspectos está facendo achegas na investigación e análise que rompen con este relato (véxase o caso de Rosalía) e que sen dúbida acabarán chegando, poño por caso, ós libros de texto. Por iso estou traballando na construción dunha nova visión da Historia da Literatura Galega Contemporánea que incorpore estes avances. E claro, para min, e creo que o demostrei, o Rexurdimento non se entende sen Sarmiento e o seu *Coloquio*.

Nesa mesma obra, destacas as conexións que se establecen entre a proposta de Sarmiento e a de Rosalía: Galiza e as súas clases populares como suxeitos, protagonismo feminino, importancia da paisaxe, apelo ao popular como modelo estético... Ves continuidade na literatura galega actual deses mesmos esteos ou andámosche xa niso que chaman “posmodernidade”?

As cousas mudaron, como é lóxico, notablemente. Agora ben, creo que a xénese do sistema literario contemporáneo está feita con eses e outros vimbios, ós que despois se foron anoando outros. Non me digas que non ten o seu aquel que os personaxes da novela galega de máis impacto, *A esmorga*, teñan os

Fragmento da ilustración de Gabriel Pérez Durán para a capa de *Das copras de Sarmiento* ós *Cantares de Rosalía de Castro*

mesmos perfís sociais e onomásticos cós “rústicos” de Sarmiento. Hai un substrato, e nel está tamén o espírito crítico e político do texto, que está en Sarmiento e que despois se manifesta das maneiras máis diversas. E Marcos da Portela fai súa a ría de Pontevedra, como despois Rosalía, Pondal, Manuel María ou Novoneyra fixeron seus a Terra de Iria, Bergantiños, a Terra Cha ou O Courel. En canto á posmodernidade, creo que lle dá a todo, aínda que probablemente o posmoderno desde o punto de vista intelectual sexa algo que xa se esfumou: a historia continúa.

Un artigo teu en *A trabe de ouro*, revista da que es habitual colaborador, propuña unha lectura anovada, e “alternativa” en certo sentido, do libro *O Divino Sainete* de Curros Enríquez. É a galega unha literatura necesitada de revisar a fondo os seus clásicos? Por que cres que, no caso de Curros, se operan esas lecturas “desviadas” sobre aquilo que realmente escribiu e quixo dicir?

Pois claro que cómpre revisar todo, incluídos e aínda máis os clásicos. Creo que esa debe ser unha actividade permanente. No caso de *O divino sainete*, resulta penosa a visión que del se deu sempre, penso que por prexuízos, algo que o fixo desaparecer das historias da literatura. Xa o propio autor se queixou en vida. Este tipo de prexuízos, que son os mesmos cos que Emilia Pardo Bazán recibira os *Aires da miña terra*, simplificaron a súa lectura impedindo reflexionar sobre o contexto histórico da obra e condenaron a súa estética (e aí tamén está o popular e o rebaixamento bakhtiniano de Sarmiento!) impedindo ver a brillantez do conxunto. Para min é unha obra de referencia do Rexurdimento e fundamental desde a óptica sistémica: nela están as claves, os horizontes e dificultades, dunha literatura incipiente. Tamén os seus inimigos.

Durante anos exerceches como coordinador do Premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, patrocinado polo Concello de Dodro e fixeches tamén unha antoloxía que Enma Lázare traduciu para o francés co título de *Poésie Galicienne de 1936 à 1990* e que foi editada en Bélxica en 1999. Imaxino que ambos labores che deron certa perspectiva privilexiada sobre unha parte, cando menos, da poesía galega que se estivo facendo na segunda metade do século XX e comezos do XXI. Que nos podes comentar a este respecto? Es dos que coidas que a nosa lírica está nun nivel de cualidade tan alta como ten sinalado o poeta leonés Gamoneda?

Si, claro, estou con Gamoneda, que é un dos poucos poetas que comezou a coñecernos e a respectarnos. Gamoneda foi durante tempo unha das poucas excepcións (agora hai máis) en canto ó diálogo interliterario: nós líamolo e el líanos a nós, sabía de nós. A poesía en Galicia creo que é un caso extraordinario. A forza da creación poética na nosa lingua é o auténtico milagre do mundo, parodiando a Pimentel. Aquela antoloxía en galego e francés axudou a divulgar o feito poético de Galicia nos países francófonos. E foi unha honra coordinar o Premio de Poesía Eusebio Lorenzo, que tantas voces novas axudou a descubrir. E precisamente é iso, a continua renovación das voces, a forza con que aparece a cada pouco a mocidade o que realmente constitúe unha regalía literaria.


A túa traxectoria como poeta comeza con *Val de Ramirás* (1989), que obtivo un accésit no Premio Esquíu, mais é *O valo de Manselle* (1996), se non me trabuco, o libro poético que realmente che outorga certa sona e aplauso por primeira vez entre o público. Que opinión che merecen eses poemarios, pasado o tempo?

Val de Ramirás era un ensaio en clave de retórica dos 80. Pero *O valo de Manselle* supuxo varias revoltas na miña escrita, que pasou a ser fortemente dialóxica e aberta á oralidade. Tratábase de estar á altura tamén, co poema homónimo, do esforzo comunal de toda unha aldea, un soño solidario que se fixo realidade, unha aldea virada sobre si mesma, sobre os seus propios horizontes e a súa memoria, de costas a unhas institucións que sempre faloron noutra lingua, en tódolos sentidos. A

O VALO DE MANSELLE

Anxo Angueira

Fóra do sagrado



experiencia da construción do valo, pedra a pedra, rebo a rebo, con toda a aldea, foi en si mesmo o máis alto proxecto poético no que participei. Foi unha sorte vital inesquecible que me puxo no meu sitio. E aquilo merecía un poema, desde logo. E moito máis: un libro, por pequeno que fose.

En *O valo de Manselle* tes un poema, “Que me mandou, mi madre”, que resulta dolorosamente pioneiro no tratamento dun tema que se está a facer habitual na nosa poesía, que é o da ruína e abandono das aldeas do rural. Moitas delas están convertidas, como di Fernán-Vello no título dun seu libro, en *Territorio da desaparición*. Cres que poderemos revertir algún día esa dinámica? Como?

Difícil. A organización do espazo da nosa cultura, a súa singular ocupación a través das aldeas, coma antes dos castros, vai perdendo sentido nesta altura do capitalismo. E tampouco se trata de idealizar o mundo aldeán. Moita xente intenta reocupar as aldeas imaxinando unha vida e un mundo que non hai en absoluto. Para que a aldea sobreviva (que vai sobrevivir) ten que haber actividade económica con futuro no seu espazo, ten que haber unhas condicións e uns servizos axeitados. Pero ó final o problema é tamén que envellecemos como país.

Con *Fóra do sagrado* (2007) quixeches construír e enunciar nunha espiral incesante de referencias á memoria épica de Vigo, as mil e unha ocasións en que a cidade se erixiu ao longo da Historia en referencia para o noso hoxe comunal, desde Martin Códax a Siniestro Total, pasando pola imprenta Compañel, os xornais *La Oliva*, *Galicia* ou *El Pueblo Gallego*, o bou Eva, as folgas do 72 e a UPG-Liña Proletaria. Resultouche tan marcante a túa estadía persoal na cidade? Que opinión che merece a política que se está a facer desde a súa alcaldía nos últimos tempos?

Si, naturalmente Vigo marca. O que eu quería entre outras cousas nese libro, que saíu ó mesmo tempo que o *Vigo* de Helena de Carlos, título que eu lle quería tamén pór, era falar de Vigo coma esa potencia de metal que vertebraba a historia contemporánea de Galicia. Era contestar ese discurso tópico contra as costas e os adefesios de Vigo. Por outro lado, tiveron a sorte de poder presentar en Vigo e levar o meu *Fóra do sagrado* por varias cidades con Leo Arremecághona, vigués de Matamá, cun cadro do Berbés de fondo, obra dos irmáns De Dios de Ourense. Aquilo foi fantástico! Lembro que á presentación no Instituto Santa Irene acudira Concha Nogueira Miguel. Estaba o salón Leónides de Carlos absolutamente cheo. E unha das personaxes do libro era precisamente ela, a súa voz de rapariga chorando a morte de seus pais no bou Eva... Probablemente Vigo non tivo sorte cos seus alcaldes e alcaldesas. Agora ben, a galeguización

que levou a cabo Soto, poño por caso, foi un fito histórico. No revés está por exemplo a Cruz do Castro, que é a lousa coa que pasará á historia o actual alcalde.

Teño que preguntarche tamén polas Redes Escarlata. Seguen vivas e actuautes? Que papel xogaron no panorama do seu tempo? Cal cres que foi o seu mellor contributo?

As Redes Escarlata cumpriron un papel penso que moi relevante na primeira década do século. Forneceron de pensamento crítico e moi consistente desde a esquerda nacionalista e independentista nun momento histórico moi delicado, cunha ofensiva antinacionalista e reaccionaria moi potente desde a metrópole, co goberno de Aznar. Recuperaron ademais unha idea política hoxe vixente, a da República Galega. E sobre todo supuxeron unha intervención poética e plástica especialmente renovadora onde se xuntaban figuras consagradas e poetas novísimas, véxase *Xuro que nunca máis pasarei fame*. Seguen vivas? Probablemente si, en estado dormente, coma as Redes Escarlata de *Bretaña*, *Esmeraldina*, que se converteron despois nas Células Lins Leabertkolm no momento de tomaren a prisión para levar adiante a fuga definitiva.

Desde hai algún tempo estás vinculado ao movemento galego pola cultura marítima, da man da A.C. Dorna da Illa de Arousa, co Uxío Allo como patrón. Como chegaches a ese mundo e que experiencias che aproveitaron del?

Cheguei a ese mundo porque quería aprender a navegar en dorna e en galeón. Volvemos ó primeiro! Porque quería escribir sobre a náutica tradicional, porque quería navegar polo Ulla, ese meu río da vida tatuado desde as paisaxes da infancia, desde Manselle. Paco Fernández Rei púxome en contacto con Uxío Allo e a partir de aí non só aprendín a navegar, tamén aprendín dun grupo humano extraordinario que é o mundo da Escola de Navegación Tradicional de Dorna. A súa

Bágoas de facer illas

Anxo Angueira



Anxo Angueira A morte de A.



Emilio X. Ínsua

aulas libres

23

paixón polo mar e pola dorna, por transmitila, as súas actividades e os seus horizontes de dignidade para a vela tradicional galega, no conxunto da Federación pola Cultura Marítima e Fluvial, son toda unha lección para a cultura galega nos nosos días. Naveguei deica Sálvora na *Roxiña* pasando polo norte do Con de Noro. Ese é o territorio do relato dos baleiros de Cesures. E naveguei cunha frota de dornas remontando o Ulla e o Sar en homenaxe a Rosalía. O “Que inchadiña branca vela” que facemos tódolos anos é un soño marabilloso que só se pode facer realidade grazas ó esforzo e á paixón do mundo da dorna.

Presides desde xuño de 2012 a Fundación Rosalía, participaches no disco *Rosalía21* con Abe Rábade e Guadi Galego e vés de publicar en Xerais senllas edicións anotadas de *Cantares gallegos* e *Follas novas*. A túa devoción rosaliana “non ten queixa”, xaora. Explicanos brevemente cales son os proxectos que estás impulsando na Fundación e cales son as novidades principais que sobre a obra e a imaxe de Rosalía achegan esas edicións comentadas.

Na Fundación temos un proxecto de modernización para a entidade e principalmente para a Casa de Rosalía que afecta a múltiples aspectos. Quen visitara a casa antes de 2010 e quen a coñeza agora comprenderá a natureza e a importancia dos cambios operados. Tratábase de dignificar un espazo de singular relevancia para a cultura galega e que se encontraba nun estado lamentable despois de corenta anos. Pero aínda non rematamos. Agora mesmo estamos preparando as reformas museográficas e museolóxicas que afectan ó sobrado da casa, preparamos a saída á rúa da revista *Follas novas* de estudos rosalianos e a publicación dunha obra magnífica sobre *O Xardín da Casa de Rosalía*, da autoría de Carlos Dacal. As miñas edicións de *Cantares* e *Follas* son a miña lectura desas obras, coa introdución pertinente, as notas e os comentarios de cada un dos poemas. Reivindico *Cantares* coma un libro de alta literatura, non só de importancia simbólica. Con *Follas novas* intentei dar conta dun libro de libros, dun libro enorme en tódolos sentidos.

Outra figura da túa devoción laica é Don Ramón Otero Pedraio, de quen fixeches unha edición do seu poemario *Bocarríbeira*. Realmente son poemas pra “ler e queimar”?

Non, penso que non. A vea poética de Otero, como xa se demostrou, non é menor ou insignificante. E estaba na onda do que escribían nos anos cincuenta Manuel María ou Uxío Novoneyra.

Coñeces de primeira man e mesmo chegaches a compaxinar no mesmo curso a docencia no ámbito universitario e na secundaria. Que leccións tiraches da experiencia?

A experiencia de dar clase, tanto na secundaria coma na Universidade, fíxome aprender todo o pouco que sei, no IES Carlos Casares do Meixoeiro en Vigo, onde esmorecera por completo o alumnado galego-falante e na FFT. Son dous mundos distintos, iso si. Nos dez anos que compaxinei as dúas docencias paseino un pouco apurado. E cando tiven que deixar o Instituto paseino moi mal. Faltábame algo, faltábame a vida toda da mocidade en plena adolescencia. É duro traballar co persoas nesa idade, pero tamén é fascinante. Agora, na Universidade, a docencia é máis relaxada, pero procuro pórllle a paixón que lle puxen sempre ás aulas de literatura. E eu sempre disfrutei do meu traballo como profesor. E aprendín moito, moitísimo.

Xa para rematar, comezamos un curso en que, infelizmente, dá os seus últimos pasos canto á implantación efectiva a LOMCE do inefábel Wert. Como avalías esa lei e que perspectiva coidas que ten o ensino público galego no inmediato futuro?

Considero que a LOMCE supón un claro paso atrás. Creo que é unha lei reaccionaria e recentralizadora. Ademais está imposta por un único grupo político, carece dun consenso mínimo que sempre é esixible en asuntos tan importantes coma os do ensino. As continuas barreiras selectivas, de certo cheiro elitista, non fan máis que entorpecer o traballo diario do profesorado e do alumnado. O certo é que eu, que vivín a reforma da LOXSE na secundaria e o Plan Bolonia na Universidade, considero que o grao de ocupación do profesorado en tarefas burocráticas medrou dun xeito tan desorbitado que se achega ó realmente espERPéntico.

nem uma, nem grande, nem livre

ou de que podemos fazer as professoras de língua castelá para dinamizar a língua galega


Que podo fazer eu, desde as minhas aulas, para contribuir a que o galego reviva? É uma pergunta que me bateu o siso em habituais ocasiões, pola incomodidade que me causava a minha posição no sistema (educativo): docente da língua que está a substituir, de maneira brutal, a língua que eu falo. Noutras palavras: agente de imposição lingüística.

Bom, a pergunta inicial era outra: estou a fazer qualquer cousa que fortaleça a minorização da língua galega, quer dizer, estou a colaborar com a destruição? E creio que essa é a pergunta pertinente. Porque sempre que atuamos, mexemos a balança, para uma ou outra banda, mas mexemos. E o que conta e que seja para a banda certa.

Devemos reflexionar sobre a maneira em que focamos a docência de *Língua Castelá*, pois sem essa reflexão não seremos outra cousa que essas agentes da imposição lingüística antes citadas.

Há toda uma série de idéias sobre a língua presentes nos livros de texto que escolhemos, nos materiais que utilizamos, na formação acadêmica que carregamos ao lombo, que devemos transformar para mudar a conta e utilizar as nossas sessões para, em troca de fortalecê-la, visibilizar a tópica da dominação¹.

Susana S. Arins



não uma, mas muitas.

Ou uma bem diversa. Este deve ser, provavelmente o nosso ponto de partida. A defesa da diversidade lingüística² começa dentro da própria língua, da mesma língua que trabalhamos nas aulas. Superemos a (saussuriana) obsessão tradicional polo regular padrão, pola língua em abstrato, e cheguemo-nos às falas, à variedade. De registos, de níveis, de contextos, de lugares. Descobramos com o nosso alunado que não há um só castelhano, mas uma cheia deles; que existem variedades com mais de cinco vogais, com sesseio, com uma aspiração velar bem parecida à *gheada*, que há castelhanos que não entenderemos nem com *google traslator* e outros com o mesmo sotaque cantareiro que o nosso; ou não. E não o fagamos só nas sessões dedicadas à língua, mas em todas: utilizemos apontamentos chilenos, argentinos; escutemos autoras canárias, chicanas; aquela apresentação sobre o texto expositivo traiamo-la da Colômbia... A rede facilita-nos o acesso a fontes documentais em muitas variedades do castelhano. Isso é a globalização.

Fagamos no diverso o quotidiano das nossas salas de aulas.

¹ E isto quiçá passa por lermos a bibliografia de Juan Carlos Moreno Cabrera, que desenvolve este conceito, especialmente na obra *El nacionalismo lingüístico. Una ideología destructiva* (Península, 2008).

² E aqui recomendamos uma obra de Teresa Moure: *Ecolingüística: entre a ciencia e a ética* (Universidade da Coruña, 2011).

não grande, mas engordada.

567 milhões de falantes tem o espanhol segundo a wikipédia espanhola³. Contabilizados seguindo os censos nacionais, não estudos lingüísticos. Desta maneira, se o espanhol é língua oficial num estado, contabilizam-se como falantes todas as habitantes do mesmo; mistura-se L1 e L2, acrescentam-se as estudantes de espanhol, os crioulos de base castelhana, que já são línguas diferentes... o caso e somar-lhe pessoas. Por vezes chega ao ridículo esta mania sumativa. Falamos de territórios onde o espanhol é língua oficial sem assinalar que em México é *uma mais* das 68 línguas nacionais, ademais das 264 reconhecidas noutras leis⁴. Falamos dos territórios onde se fala espanhol e ocultamos todas as outras línguas próprias que também neles são usadas. Não podemos comentar o espanhol de América sem falar do guarani, do quéchua, do aymara, do náhuatl, do mapudungun, línguas todas reduzidas nos seus territórios polo domínio do castelhano. Mesmo falamos de territórios onde se fala espanhol e ocultamos que estão (quase) despovoados⁵.

Mas se atendemos ao anterior epígrafe, menos grande é a língua castelhana. Porque, em verdade falam o mesmo esses aparentes 567 milhões de pessoas? Que espanhol falam? O andino? O andaluz? O rosarino? O antillano? As línguas só existem em abstrato, na realidade só encontramos fala, variação, e muitas e diversas modalidades. Não há nenhuma língua no mundo, nenhuma, com tantas falantes. As próprias dinâmicas da variação e evolução lingüística fazem-no impossível.

Devemos desbotar esta mania quantitativa das nossas aulas. Se o castelhano tiver trezentos falantes, seria menos língua, menos castelhano, menos digno? Têm menos valor o islandês ou o eusquera que o espanhol? Quanto mais valor tem então o hindi, com tantas falantes, e parvas que somos, que não passamos o trabalho de aprendê-lo...

Há quem leve a grandeza, não à causa dos números, mas à da utilidade. O castelhano ajuda-nos mais que o galego (bom, coloque-se o nome de qualquer outra língua não hegemônica), tem mais validez, é mais necessário. E isto não é certo. Não porque o castelhano não seja útil, que o é, quem vai negar. Mas porque todas as línguas o são. Todas. Todas têm uma comunidade que as fala e as utiliza todos os dias para se comunicar. Todas. Todas contam com línguas familiares ou com estruturas semelhantes que ajudam a melhorar a nossa competência lingüística. Todas incrementam a nossa capacidade comunicativa. E todas são inúteis naqueles espaços em que não são usadas. Mesmo o castelhano. De que nos vai servir o espanhol no Kalahari? Na Casamança? Em Tamil Nadu? Ou na França, que tão perto lhe está?

Falamos dos muitos territórios onde se fala espanhol, assinalamos orgulhosas as corzinhas no mapa e ocultamos a imensidade do espaço em branco que fica no mundo. É quiçá mudar aqui o foco seja mais interessante. Imensos são os espaços em que o castelhano não está presente, em que são outras as línguas internacionais, línguas que nem sabemos que existem, muitas vezes. Conheçamo-las. Saibamos delas. Em realidade é provável que as tenhamos mais perto do que pensamos, porque para algo vivemos numa aldeia global: seguro que nas nossas turmas temos falantes de árabe marroquino, de tamazight, de romeno, de quéchua, de cantonês, de bambara, que podem contar-nos doutros espaços lingüísticos com outros usos e costumes, outras línguas de comércio, outras maneiras de viver a comunicação. Deixemos que nos contem.

Outra vez, façamos no diverso o quotidiano das nossas salas de aulas.

Em que ajuda isto à língua galega? Visibiliza que a variação, a diferença, é o normal. Em todas as línguas. Mesmo na castelhana. Um dos prejuízos generalizados entre o meu alunado é esse de “o galego muda seghido”, “em galego falam diferente em cada recanto” contra um castelhano estável, porque assimilado ao padrão televisivo e literário. E ao invés, visibiliza como universais fenômenos “regionais”, “particulares”. O assombro de encontrar o é aberto nas falas andaluzas ou o sesseio em toda a América hispana faz sentir a variedade como menos estranha e, portanto, mais digna.


Idioma espanhol no mundo

³https://es.wikipedia.org/wiki/Idioma_espa%C3%B1ol última consulta: 21/10/16

⁴https://es.wikipedia.org/wiki/Lenguas_de_M%C3%A9xico última consulta: 21/10/16

⁵Atendido ao território chileno da Antártida considerado de fala castelá no mapa que acompanha o artigo da nota 3.

Cholollã.



não livre, mas obrigada.

Ou imposta. Não podemos obviar a história da língua. O castelhano não tem muitas falantes porque estas tenham decidido livre e alegremente, *ouh, sim, desde hoje quero expressar-me só em castelhano!*, *gosto, sim!* Não. Novamente, levadas pela (tradicional) obsessão saussuriana da língua em abstrato, da gramática e a sintaxe, e por esse simplório (e jakobsiano) esquema de emissor/mensagem/receptor, esquecemos que as línguas são, sobre todo, instrumento de dominação. Quem domina a língua, governa o povo. Quem governa, impõe a sua língua.

O castelhano não se expandiu porque fosse mais fácil, mais cômodo, mais forte ou mais limpo. Não. O castelhano expandiu-se, substituindo outras línguas, porque alguém o impôs recorrendo à VIOLENCIA e usando o PODER. Por isso é a nossa obrigação explicitar a presença (prévia ao espanhol) doutras línguas em América, a desapareição de tantas (o moçárabe, o guanche, o taíno, o colima...) nos processos de colonização, a situação minorizada doutras (itonama, takana, andoque, uirí) nas suas próprias comunidades.

Somos nós, as professoras de Língua Castelá, quem temos que visibilizar esta realidade. Não falar dela é fazer passar por natural, objectivo, um processo de dominação brutal.

Somos nós quem devemos pôr em destaque a assimetria legal que beneficia ao castelhano com respeito às outras línguas do Estado. A sua obrigatoriedade frente à opcionalidade das outras. O seu caráter obrigado. Se não o explicitamos, sim estamos a trabalhar para perpetuar a situação de injustiça para com galego, catalão, eusquera, aragonês, asturiano, aranês, árabe ceuti, e todas as outras variedades lingüísticas presentes no estado.

Somos nós, as professoras de Língua Castelá, que não podemos oferecer álibis pseudo-lingüísticos para objetivizar situações conflitivas e injustas.

Porque a da língua castelhana como *uma, grande e livre* continua a ser uma idéia viva no nosso entorno fagamos ver nas nossas aulas que em realidade é, como tantas outras, **variada, engordada e dominante**.

Em fim, fagamos no diverso o quotidiano das nossas salas de aulas.

experiencias de aula 27

escritora do mes

unha proposta do equipo de Biblioteca da EOI de Lugo

No curso 2012 comeza o actual equipo da biblioteca a súa andaina dinamizadora e decátase da pouca presenza de mulleres escritoras entre os fondos da biblioteca, polo que comeza a deseñar actividades de cara á promoción da lectura de obras escritas por mulleres.

No curso 2015-16, propónse a actividade “A escritora do mes”, de gran éxito entre o alumnado (actividade máis coñecida e libros máis empréstados) e o profesorado (varias novelas das autoras propostas elixíronse para as sesións de debate no clube de lectura do persoal do centro).

Obxectivos: promover a igualdade entre homes e mulleres, visibilizar e difundir a obra de mulleres escritoras, contribuír ao enriquecemento cultural do alumnado, promover a lectura en diferentes linguas e aumentar o número de lectores e lectoras na biblioteca.

Cada mes propónse unha escritora nunha lingua diferente e faise difusión en formatos novos (i.e. cartaces no chan, nos accesos á Escola, nas escaleiras) e no blogue <https://rochoteca.wordpress.com/>

As obras propostas foron as seguintes: No mes de outubro, *Circe e o pracer do azul* e *Morgana en Esmelle* da escritora galega Begoña Caamaño. No mes de novembro, *Balada de amor ao vento* e *Niketche* da escritora mozambicana Paulina Chiziane. No mes de decembro, *Americanah*, *Half of a yellow sun*, *The thing around your neck* e *We should all be feminists* da autora nixeriana Chimamanda Ngozi Adichie. No mes de xaneiro, *Alice*, *Aller Liebe Anfang*, *Nichts als Gespenster* e *Sommerhaus später* da escritora alemá Judith Hermann. No mes de febreiro, *Che animale sei*, *Una barca nel bosco* e *Più lontana della luna* da escritora italiana Paola Mastrocola. No mes de marzo, *Boomerang*, *Elle s'appellait Sarah* e *Son carnet rouge* da escritora francesa Tatiana de Rosnay. E, finalmente, no mes de abril, *Candy*, da escritora chinesa Mian Mian.

A actividade pechouse coa exposición de todos os cartaces realizados ao longo do curso no mes de maio.



100 anos de irmandades



O 18 de maio de 1916 nacía a primeira das Irmandades da Fala, a coruñesa, no transcurso dunha xuntanza que se celebrou nos locais da Academia Galega, mais coa notoria ausencia do seu presidente, Manuel Murguía.

Para o éxito da feliz idea tres contributos resultaran decisivos: a boa disposición do histórico núcleo do rexionalismo na Coruña (Francisco Tettamancy, Manuel Lugrís Freire, Euxenio Carré Aldao, Florencio Vaamonde...); o labor divulgativo e de polémica coa supremacista Real Academia Española levado a cabo pola revista de *Estudios Gallegos* promovida en Madrid polo avogado e escrito ferrolán Aurelio Ribalta; e, finalmente, as propagandas constantes e incisivas a prol do idioma galego do xornalista viveirense Antón Villar Ponte na súa sección “Con letra del siete” no diario *La Voz de Galicia* e noutros medios como *La Voz de la Liga*, *El Ciudadano*, *El Pirulí*, etc.

A antecitada xuntanza foi o pistoletazo de saída para a articulación doutros agrupamentos semellantes, aínda que de traxectoria e relevancia moi dispar, en moitas outras cidades e vilas do país: Compostela (da man do catedrático Lois Porteiro Garea), Ferrol (da man do médico obreirista Xaime Quintanilla), Betanzos (Lois Cortiñas, Salvador Mosteiro...), A Estrada (Losada Diéguez), Vilalba (da man do avogado Lois Peña Novo), Pontevedra (Gastañaduy, Castelao...), Ourense (*Lameiro*, Hixinio V. Ameixeiras..., logo Arturo Noguerol, Risco, Cuevillas, Otero Pedraio)...

As Irmandades laboraron arreo no campo cultural, científico, artístico e literario e deixaron a súa pegada máis ou menos directa en infinidade de iniciativas. Xornais e revistas como *A Nosa Terra*, o ourensán *O Tío Marcos da Portela* (3ª época), o betanceiro *Rexurdimento*, o Galicia. *Diario de Vigo*, a infantil *As Roladas* e o emblemático boletín *Nós*. Editoras como “Céltiga” de Ferrol, “Alborada” de Pontevedra e “Lar” e “Nós”, da Coruña. Masas corais como “Toxos e Froles”, “Cántigas e Agarimos”, “Cántigas da Terra”, “Saudade” ou “De Ruada”. Institucións de cultura e investigación científica como o Seminario de Estudos Galegos. Plataformas teatrais como o Conservatorio Nazonal do Arte Gallego e a Escola Dramática Galega da Irmandade coruñesa. Exposicións de pintura, escultura e caricaturas de artistas como Castelao, Francisco Asorei, Camilo Díaz Baliño, Imeldo Corral, Álvaro Cebreiro, Bello Piñeiro, etc. Concertos do violinista Manuel Quiroga ou da Polifónica de Pontevedra. Primeiros plans pedagóxicos para a galeguización da escola, pioneiras aulas e conferencias en galego na Universidade (Porteiro Garea, Lois Tobío) e posta en marcha das Escolas do Insiño Galego na Coruña, da man de Ánxel Casal.

Cáseque todas as manifestacións da cultura galega coñecen por obra das Irmandades un pulo notorio. A literatura amplía notoriamente xéneros, públicos e temáticas. Xorden ou consolídanse minimamente o xornalismo e o ensaio científico na nosa lingua (especialmente no campo das Humanidades e das Ciencias Sociais, menos no Médico-Científico-Técnico). O teatro desenvólvese como nunca ata entón, mesmo sen acadar apenas profesionalización. Nacen escolas escultóricas e pictóricas con Galiza como referente temático e, sobre todo, ideolóxico. A música popular cobra importancia por medio de recoleitas e interpretacións dignificantes e a música culta retoma o esforzo primixenio do Rexionalismo (Pascual Veiga, Xoán Montes, Xosé Baldomir, Chané...) e sae ao encontro da galeguidade en forma de rapsodias, arias, óperas, zarzuelas e baladas de temática galega ou vehiculizadas na lingua de Rosalía: velaí, por exemplo, *O Mariscal*, de Cabanillas e Villar Ponte, en partitura de Eduardo Rodríguez Losada Rebellón, ou *A probiña está xorda*, con libreto do propio Villar Ponte e música de Mauricio Farto.



aulas libres

29

Non foi menor o esforzo no plano ideolóxico e político. Das Irmandades foi o decisivo combate que se verificou nas primeiras décadas do século XX contra os principais prexuízos lingüísticos en que se amparaban as abundantes e variadas marxinações do idioma galego nesa altura (desde carecer de estatuto de oficialidade ata estar totalmente ausente dos xulgados, das oficinas públicas, das igrexas e das escolas). Seu tamén o inxente e moitas veces incomprendido esforzo por avanzar nunha praxe sistemática no uso do idioma en todos os ámbitos sociais. Seus asemade, como non, os primeiros intentos normativizadores, non exentos de polémica: as directrices de reintegración expostas por Xoán Vicente Viqueira en *A Nosa Terra* en 1919, por unha banda, e o *Compendio* de Leandro Carré Alvarellos e a *Gramática do idioma galego* de Luguís Freire, orientados ambos, por contra, cara ao isolacionismo.

Ás Irmandades debemos, así mesmo, as primeiras teorizacións definitivas sobre o carácter nacional de Galiza e sobre o seu conseguente dereito á libre vida no concerto dos pobos da Península ibérica, de Europa e do mundo (*Nacionalismo galego. Nuestra afirmación regional*, de Antón Villar Ponte; *Doctrina nazionalista* de Ramón Villar Ponte; *Teoría do nacionalismo galego*, de Vicente Risco).

A demanda de creación dunha Mancomunidad a partir das catro deputacións provinciais existentes, primeiro, e a reclamación dun Estatuto de Autonomía con Parlamento e Executivo propios, máis tarde, foron as dúas esixencias políticas consecutivas que

as Irmandades defenderon, sempre partindo da base do dereito á propia soberanía e sempre abertas ao pacto federal ou confederal para a reformulación descentralizada do Estado español.

A constante preocupación polo campesiñado como clase depositaria das esencias máis auténticas do país, a proclamación da igualdade absoluta de dereitos para homes e mulleres e o pendur anti-imperialista foron algunhas notas que caracterizaron o movemento *irmandiño*, adrede accidentalista canto ás formas de goberno e exquisitamente neutral canto ás crenzas relixiosas, por máis que existise no seu sector confesional (Risco, Otero, Losada Diéguez, Filgueira Valverde...) unha permanente tentación de converter a fe católica en elemento consubstancial do “volkgeist” galego e en requisito ideolóxico para o galeguismo. Semellante pretensión sería contestada por Antón Villar Ponte no seu discurso de ingreso na Academia Galega (1934), significativamente intitulado por iso mesmo *O sentimento liberal na Galiza*.

Nesta perspectiva, cómpre recoñecer que foron constantes as tensións ideolóxicas e os debates tácticos no seo do movemento *irmandiño*, proba evidente do seu dinamismo e da súa heteroxeneidade constituínte. Discutiron sobre alianzas, sobre modelos organizativos máis ou menos horizontais, sobre normas estatutarias, sobre a participación ou non na política institucional e nas eleccións, sobre o carácter que debía ter o propio movemento (de “minorías escolleitas” ou “de masas”), sobre...

As Irmandades romperon co Rexionalismo galaico na Asemblea de Lugo (1918) chamándose para sempre “nacionalistas”, pactaron co Catalanismo conservador de Cambó para as lexislativas de febreiro de 1918, aplaudiron o norteamericano Wilson e o ruso Lénine polas súas doutrinas autodeterministas cando se asinou o Tratado de Versalles, procuraron alianzas con determinados sectores do Republicanismo, quixeron liderar o potente pero moi heteroxéneo Agrarismo galego, tiveron pulsións “Sinnfeininanas” mentres Irlanda sangraba na Pascua e plebiscitaba a Home Rule, ollaron para o Portugal da Renascença e do Saudosismo para propugnar un “Pangaleguismo” que non ficase en retórica...

Voltas e reviravoltas, acordos e trasacordos, clarificacións e confusións na procura dos camiños certos para que a Galiza do seu tempo deixase de ser mansa e tríncase a escota desa liberación definitiva que aínda está pendente.



Sonia Fernández Casal

goldi libre

A historia do movemento insubmiso no noso país está por escribir. O que foi e conseguiu o movemento de desobediencia civil máis importante da nosa historia corre o risco de desaparecer da memoria colectiva coma unha vítima máis da capacidade dos poderes fácticos para impoñer a súa versión interesada de practicamente calquera acontecemento. Unha versión que reduce a desaparición da mili a unha decisión política, agochando así a lección dada por unha xeración que foi quen de botarlle un pulso ao Estado, e gañar.

Goldi Libre (autorretrato dun insubmiso preso nos cárceres de Felipe González) é unha obra de teatro feita a partir da experiencia persoal de César Goldi, insubmiso condenado a 2 anos, 4 meses e 1 día de cárcere, e que conecta a memoria individual coa memoria colectiva dunha xeración e co imaxinario dunha época. A obra, primeiro proxecto que xorde da Berbecheira, “criadeiro teatral” promovido por Chévere, achégase cunha perspectiva autocrítica, irreverente e non exenta de humor, ao activismo social e político da esquerda dos anos 80 e 90. Porén, pódese ver sen caer en nostalxias paralizantes, senón recuperando aquel espírito de desobediencia que tanto se precisa na actualidade.

para ver, para ouvir, para ler



Emilio X. Ínsua

manual de escola de xosé tomás

Cómpre recomendar vivamente este volume de viñetas do betanceiro Xosé Tomás que acaba de editar a AS-PG, por canto encerra un auténtico tratado sobre o ensino e a pedagogía que probablemente nos fará sorrir e reflexionar a partes iguais.

O autor, mestre de inglés no colexio Suárez Marquier, do Rosal, ten xa detrás unha traxectoria ben recoñecida como ilustrador de literatura infanto-xuvenil, colaborador gráfico da *Revista Galega de Educación* e de *Tempos Novos* ou viñetista de diarios galegos impresos.

Agora achéganos un catálogo de estampas tenras, críticas, incisivas e lúcidas ao mesmo tempo sobre esa escola que, como sinala un dos prologuistas, o debuxante e psicopedagogo italiano Francesco Tonucci (“Fratro”), teima en poñer en práctica acotío propostas “vanais, incoherentes, inadecuadas, violentas, que non son quen de corresponder á natural dispoñibilidade de aprender das nenas e dos nenos”.

A falta de empatía cordial dalgún profesorado co seu alumnado, o xerarquismo e o autoritarismo, os métodos didácticos inaxeitados, o afán uniformizador, a falta de verdadeira atención ao alumnado con n.e.a.e., a unidireccionalidade dos procesos educativos, a obsesión polas notas e os exames (aínda que a xerga das programacións os rebautice agora como “probos obxectivos de avaliación”), a inxusta carga (e errónea as máis das veces) dos “deberes”, a sobrecarga de actividades no tempo de lecer, as trampas que agochan os informes neoliberais sobre educación tipo PISA... son algunhas das referencias que dotan de contido estes debuxos sobre unha escola que, como indica o propio autor, “segue parecéndose demasiado á de hai 40, 50 anos”.

para ver, para ouvir, para ler

alén da casta, un ensaio sobre o poder e as clases sociais no século XXI de xabier pérez davila

Quen foi ata setembro do presente curso 2016-17 presidente da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra polo sindicato CIG entréganos da man de Laiovento Edicións un lúcido e ameno ensaio, tan oportuno como clarificador, que aparece dividido en dez apartados.

O primeiro deles está dedicado a identificar a clase corporativa internacional, produto da globalización, que ostenta a hexemonía na fase actual do capitalismo: unha amálgama con portas xiratorias de altos directivos de transnacionais, responsábeis de axencias de cualificación como Standad and Poor's, reitores de organismos como o Banco Mundial e o FMI, integrantes de *think thanks* neoliberais do estilo de FAES ou FEDEA no caso español, donos dos grandes *mass media*, clubs como a Trilateral, Bilderberg e Davos, etc.

Nun segundo capítulo, Xabier explica o proceso de concentración do poder de control da economía polos “mercados” e penetra con bisturí incisivo na densa arañeira de intereses concéntricos que tecen os grandes accionistas dun número relativamente pequeno de transnacionais (Exxon, Apple, Novartis, Nestlé, Facebook, Toyota, Coca-Cola, Samsung, Visa...) e de grandes propietarios (poñamos por caso entre nós o Amancio Ortega do imperio Zara).

A describir a xerarquía espacial do poder na Unión Europea e a recordar a matriz neoliberal e os importantes déficits democráticos que caracterizan o actual proceso de construción europea está dedicado o terceiro capítulo, ao que seguen catro máis, que describen, respectivamente, a estrutura das clases sociais e a concentración do poder económico no Reino de España a día de hoxe (4º), o estudo da profesora Subirats sobre a transformación das clases traballadoras na Cataluña das últimas décadas (5º), a estrutura das



clases sociais na Galiza actual (6º) e a fatal consolidación entre nós dunha nova clase, o chamado “precariado”, como consecuencia da ofensiva neoliberal sobre as condicións e dereitos laborais noutroza conquistados (7º).

O volume complétase cun breve repaso sobre a dialéctica en espiral da historia da Humanidade, desenvolvida en sucesivos compases de dominio, revolta e reacción (8º); con cinco retratos da vida precaria laboral (e non só) doutras tantas persoas da Galiza de hoxe (9º) e cunha síntese das principais razóns que conduciron ás maiorías sociais e ás forzas de esquerda que tentan representalas á situación de retroceso ou mesmo derrota actual. Xabier remata o seu ensaio cun apelo á vontade transformadora e ao desexo irrenunciábel de liberdade e dignidade de cada persoa para tecer a grande alianza “alén da casta” que mude de signo a partida.

a prensa en galicia na transición

de marcos pérez pena

Na colección Memoria das Edicións Xerais de Galicia editouse no ano corrente esta monografía de Marcos Pérez Pena, chamada a ser un referente imprescindible na súa temática.

A obra entrelaza con rigor metodolóxico e amenidade expositiva a historia do xornalismo e a historia política do noso país dun período que, afortunadamente, está hoxe en proceso de revisión crítica. O libro, xaora, contribúe decisivamente para esa necesaria relectura histórica desmitificadora, refrescando a memoria sobre axentes e dinámicas que marcaron o devir do país nos anos que van da morte do ditador Franco ao plebiscito autonómico galego e ao intento de golpe de Estado do 23-F.


Polas páxinas desta monografía e através do seu reflexo nas principais cabeceiras de prensa do país (*La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego* e *Faro de Vigo*, fundamentalmente, aínda que non faltan referencias a outras como *El Correo Gallego*, *La Región*, *El Progreso*, *A Nosa Terra*, *Teima*, *Man común...*), desfilan as fortes e variadas tensións que presidiron aquela época, sintetizadas no dilema Reforma ou Ruptura. Ese dilema, no caso galego, abrangueu tamén o debate entre Centralismo, Estatuto de Autonomía ou Bases constitucionais. Como pano de fondo, unha Galiza que se urbanizaba, industrializaba e desgaleguizaba idiomáticamente a pasos axigantados, entre numerosos conflitos. As

reviravoltas do proceso pré-autonómico son expostas con detalle, retratando sen panos quentes as posicións de cada quen.

Canda esa visión panorámica xeral, ofrécesenos, ademais, un detallado e interesante ensaio sobre as estratexias de adaptación, as tensións, os discursos e as apostas editoriais dos principais medios de prensa galegos nesa época. Corenta entrevistas a outros tantos protagonistas dan sustento ás explicacións e conclusións deste estudo.

A renovación técnica e xornalística por parte da maioría dos cabezallos e as mudanzas empresariais modernizadoras caracterizan o período, no que a información da actualidade política ocupa un espazo privilexiado. En opinión do autor, os medios foron por diante do conxunto da sociedade en moitos dos procesos de cambio, mais marcharon asemade moi por detrás dos sectores máis politizados e comprometidos, situados nas coordenadas do nacionalismo e/ou da esquerda. A partir de 1980, a viraxe ideolóxica en sentido conservadorista da práctica totalidade das cabeceiras da prensa diaria galega resulta unha evidencia.

De moito interese resultan as páxinas dedicadas ao fracaso do proxectado diario *Galicia*, á difícil traxectoria das revistas galegófonas *Teima* e *Man común* e ao semanario nacionalista *A Nosa Terra*.




Debe apuntarse, finalmente, que o autor non desimula a súa intención de homenaxear unha serie de xornalistas (digamos nomes como Francisco Pillado, Luís Álvarez Pousa, Xosé Ramón Pousa, Gustavo Luca de Tena, Rafael González, Xosé Antón Gaciño, Tucho Calvo, Juan Ramón Díaz, Xosé Luís Vilela, Vítor F. Freixanes, Ernesto Sánchez Pombo, Margarita Ledo, Primitivo Carbajo, X. R. García Palmeiro, Tareixa Navaza, Perfecto Conde, Maribel Outeiriño, Caetano Díaz, Manuel Rivas...) que naquel entón asumiron riscos profesionais evidentes para posibilitar unha sociedade galega máis libre, xusta e autoafirmada que, no entanto, dá a sensación que non acabou de coallar definitivamente. Daqueles barros, os lodos do presente...

revista galega de educación núm. 65

A publicación cuadrimestral que, desde 1986, promove Nova Escola Galega dedica o seu máis recente número ao tema da Lingua na Educación Infantil, con achegas de numerosos especialistas, que proceden de variados ámbitos: o universitario (Brauli Montoya Abat, Irene López-Goñi), o académico (Xaquín Loredó Gutiérrez), o técnico (Marta Besada, Nel Vidal), o asociativo (Marcos Maceira, A Mesa pola Normalización), o empresarial (X. A. Formoso, de “Fabaloba”) e o propiamente educativo (Miguel Vázquez Freire, Francisco López - de “Avoaescola” -, Belén Escariz, Rafael Sánchez-Agustino, Cristina Campos Pérez).


Fronte á crueza desesperanzadora das porcentaxes de uso e de transmisión interxeracional do galego en acusado devalo, flota en todas estas achegas a luzada dun catálogo de recursos concretos, experiencias, boas prácticas e estratexias tan amábeis como realistas que se poden implementar para avanzarmos, sequera sexa aos pouquiños, na “revernacularización” da nosa lingua entre as familias e a xente máis nova.

O número da revista complétase cun editorial a prol da redución dos concertos coa privada e a favor do laicismo, cunha entrevista á educadora boliviana Cecilia Lazarte Bernal, cun “Panoraula” de novas educativas



asinado por Xosé Ramos e Antón Costa e con artigos de temática diversa, que van desde o uso da cartografía como recurso didáctico (Xosé Carlos Macía, Francisco R. Lestegás e F. X. Armas Quintá) ata a animación sociocultural (Xesús Ferreiro-Núñez) e os xogos iniciáticos (Luís Prego), sen que falte un achegamento aos centros de interpretación do río Chelo e dos valores etnográficos de Teixeira-Curtis (Araceli Serantes), a opinión da presidenta da CONFAPA (Helena Gómez Vecino) sobre a tolerancia nas aulas ou o relato dunha experiencia de traballo na escola unitaria de Vide-As Neves (Sabela Lahuerta Mouriño).

bicos de xosé vázquez pintor



Movido polo amor a/de seus dous pequenos netos, Alan e Brais, o veterano escritor Xosé Vázquez Pintor agasállanos cun poemario infantil de nome ben significativo: *Bicos*.

Á marabilla dos versos, preferentemente descritivos (“A casiña”, “O cole”, “O barco”, “Noite”, “O tren”, “A tele”, “O avión”...), informativos (“Paso de peóns”, “Semáforo”, “Stop”...), lúdicos (“A billarda”, “O guá”...) ou volcados nun peculiar animalario (“O rato”, “A pulga”, “A serpe”, “O cabalo”, “O raposo”, “A troita”, “A toupa”, “O lobo”, “O sapo”, “O morcego”, “O grilo”, “O ourizocacho”...) une o volume, publicado por Fervenza Edicións, un catálogo orixinal, variado e precioso de ilustracións, debidas a vinte e unha mans amigas distintas. Unha verdadeira regalía para os ollos e para o corazón.

libro de horas de miguel anxo murado



Algúns xornalistas empéñanse en prorrogar a feliz maridaxe entre vontade estética e debuxamento rigoroso sobre a actualidade noticiosa para nos daren textos de “columnismo literario”, que o mesmo valen para informarnos con criterio que para ollarmos a realidade con lentes novos e gozarmos en todo caso sempre do ben escrito. Tal acontece co *Libro de horas* do lugués Miguel Anxo Murado que acaba de publicar a editora Galaxia, no ronsel dos celebrados *Escrito en cafeterías* ou mesmo *Otra idea de Galicia*.

No volume que nos ocupa recóllense textos aparecidos previamente, entre marzo de 2014 e xullo de 2015, no diario *La Voz de Galicia*, no que Murado mantén seccións habituais como “El mundo entre líneas” e “Vuelta de hoja”.

Asuntos de política internacional como a guerra dos Balcáns, a caída do muro de Berlín, o conflito palestino-israelí, o islamismo radical, a deriva

da Unión Europa ou o auxo do neofascismo conviven de maneira atinada e amena, ás veces ata maxicamente, con referencias a figuras como Cervantes, Goya e Rosalía e con evocacións do Lugo da infancia e romano, digresións sobre a experiencia de coller un avión, alusións aos accidentes de tráfico provocados polos cabalos ceibes no Xistral, reflexións sobre os *grafitti* nos monumentos naturais, evocacións das novelas e filmes do Oeste na posguerra franquista ou noticias sobre as preferencias dos ditadores á hora de elixiren un vehículo para os desfiles...

En definitiva, unha regalía de reflexións e informacións, expostas con moita amenidade, sabiamente engarzadas, amiúde abesulladas desde perspectivas orixinais e non exentas na maioría das ocasións, por fortuna, dunha profundidade analítica verdadeiramente enriquecedora.



inventario do prohibido de luz campello garcía

Socióloga, traballadora social e técnica de voluntariado ambiental, Luz Campello García (Guitiriz, 1966) ofrece neste poemario un catálogo de íntimas rebeldías contra os valores dominantes do patriarcado. Editado por Espiral Maior e prologado pola tamén poeta Eva Veiga, o volume en cuestión resulta ser, como afirma esta última, “transgresor, afouto e emocionante”.

Está dividido en cinco grandes apartados, ou “Inventarios”, de desigual tamaño pero idéntica forza expresiva para relatar verso a verso un proceso de apostasía do devocionario machista e traxear un camiño de empoderamento e vertebración para unha nova muller, tan poliédrica como definitivamente libre.

luís de morgade,

curador de don carlos II o enfeitizado

Recentemente, a revista inglesa de estudos históricos *Past and Present* deu a coñecer un extenso traballo do profesor William A. Griffit sobre un interesante personaxe galego, Frei Luís de Morgade, de quen apenas un par de ducias de lectores saberán o nome e algo menos de tres ou catro terán noticia cumprida sobre a súa atraente personalidade. O traballo de Griffit (William A. Griffit, "The Spanish 18th century. A biography of Fray Luis de Morgade", en *Past and Present* nº 97, decembre de 1976) vén encher un oco na nosa aínda escasa historiografía do século XVIII.

Frei Luís de Morgade foi frade campaneiro do convento franciscano do *Bon Xesús*, en Trandeiras, fábrica hoxe derruída como consecuencia da voracidade burguesa e inculta desatada pola Desamortización. Naquel apacible recinto sagro serenaron os seus espaventados ollos na tranquilidade gris celeste das augas da Lagoa de Antela catro bispos franceses fuxidos da Francia revolucionaria de 1789. Menos de cen anos antes, reinando nas Españas don Carlos II o Enfeitizado, Trandeiras e o seu convento andaron en linguas por razón de frei Luís de Morgade, pois este humilde fillo de San Francisco foi chamado a substituír ao famoso frade Antonio Álvarez de Argüelles, de Cangas de Narcea, como mediador entre o Ilustrísimo Inquisidor Xeral, o cardeal de Córdoba, e o Demo.

Como é sabido, o frade asturiano fracasara no meritorio propósito de liberar a El Rei do meigallo. Dixéralle o Maligno, en conversa nocturna habida na súa cela, que a causa do mal de don Carlos estaba nun chocolate que lle deran cando tiña catorce anos, e no que a Raíña Nai, dona Mariana de Austria, mandara disolver a sesada dun defunto. Requiriu entón detalles o Inquisidor, e por boca de frei Antonio respondeu o Demo que non se sabía o nome do defunto, pero que deixara viúva, unha tal Casilda Pérez que vivía na rúa de Herreros, na Vila e Corte. Por máis que a policía buscou e rebuscou, a dita rúa non apareceu por ningures, sen que se soubera tampouco se a rúa existira antes e fora borrada polo Demo para confundir, ou se simplemente fora o propio Demo o que enganara a frei Antonio co propósito de impedir a curación de El Rei. O caso é que este incidente supuxo a eliminación do frade de Cangas de Narcea como intermediario entre o lado de alá e a Inquisición.

Mentres tanto, El Rei non conseguía verse aliviado do seu mal. Continuáballe tremendo o corpo tódalas noites a pouco de encetar o sono, a voz collíalle tons de frauta cada vez máis acusados, o pouco que sabía de letras e de números íaselle varrendo do sentido a resultas das moitas pócimas que lle daban... Arredor del todos eran a querer curalo. A Raíña aplicándolle as súas artes amatorias de gata francesa, o Inquisidor tratando de volver entrar en relación co Outro, os físicos untándoo de aceite bendito por dentro e por fóra, o goberno francés roubándolle uns calzóns para que os ciruxanos da Sorbona de París ditaminaran se don Carlos podía ter ou non ter descendencia...

Nestas favorables circunstancias apareceu frei Luís de Morgade no horizonte real. Despois de enviar cartas ofrecéndose, un día chegou o frade galego a Madrid reclamado polo Santo Tribunal. Viñera andando en sinal de penitencia, desde o seu amado convento de Trandeiras, de onde saíra case dous meses antes. Levaba consigo cartas do Provincial da orde e do bispo da diocese. Desde terras

de Castela recibiu escolta por mandado do propio monarca, que debecía por ver diante ao que xa se anunciaba como o seu seguro curador. Por fin, o 2 de febreiro de 1700, polas portas do real Alcázar entraba o frade galego. Era grande e groso e vestía de saco. Un runrún de saias aloucadas e pasos nerviosos quentou o silencio húmido e frío dos longos andares da augusta mansión. El Rei agardaba na capela, en oración, co Inquisidor, a Raíña e alto personal da casa. Frei Luís entrou paseniño, recorreu con lixeireza a distancia que o separaba de don Carlos e caeu de xeonllos diante da súa presenza. Despois celebrou con moito recollemento e fervor, deu a comunión ás reais persoas e ao remate retirouse non sen certa teatralidade misteriosa ao seu aposento, onde tivo un aparte co cardeal.

Alí mesmo lle dixo que eran dezaseis e non sete, como se pensaba ata entón, os demos que se paseaban por dentro de El Rei, e que os había que ir botando fóra un por un e con certo tento, sen demasiada presa, para lle dar tempo ao enmeigadiño de se ir afacendo ao seu novo ser, pois don Carlos fora embruxado xa nos dentros da súa nai, e que nunca vivira sen ter polo menos cinco demos consigo e que uns ían chamando polos outros.

Cando estaba no medio da plática, veu abaixo un anaco do teito da estancia, que feriu lixeiramente ao cardeal nunha orella, o que de seguida se contabilizou na conta do Malo, que ao se sentir descuberto empezaba a pór dificultades. Aínda poría máis os días que seguiron. A Raíña caeu dun cabalo, El Rei amenceu unha mañá sen fala pero con sentido, o cardeal apañou unhas labazadas de mans invisibles cando estaba na cama facendo as derradeiras oracións do día, á Raíña Nai queimoulle a lingua a sagrada hostia ao tempo de comungar, o físico preferido de don Carlos empezou a facer de vento con tanta forza e ruído e tal frecuencia que tivo que ser relevado do seu servizo, pois provocaba un riso tan grande na Súa Maxestade, que lle comía as poucas forzas que aínda lle quedaban.

A diferenza de Frei Antonio Álvarez de Argüelles, Frei Luís non falaba co Malo, senón co profeta Elías, que era quen o aconsellaba. E o primeiro consello que lle deu foi que El Rei durmira lonxe da francesa, non fose que algún demo novo se infiltrase cara a dentro por vía de canos. O segundo, que a Raíña Nai quedara a pan e auga durante tres semanas. Despois, que o cardeal xenuara de chocolate e durmira sobre duro, e que o confesor engadise tres racións diarias de corda ás disciplinas nocturnas...

Unha noite, o confesor de El Rei foi despertado por unha ledicia afogada que desde algún recunho do Alcázar se lle metía como unha tentación no interior da súa alcoba. Saíu para averiguar de onde procedían as voces do pecado e os murmullos e os salaios levárono dereito ao cuarto de Frei Luís, que cando se abriu a porta aínda trepaba por riba das carnes brancas da moza que con el estaba. Antes de que o abraiado confesor tivera tempo de averiguar se os espidos eran demos ou persoas, xa Frei Luís corría coa sotana na man e o cu ao aire polos escuros andares reais camiño da rúa.

Saíron homes de armas atrás del e collérono nun palleiro, preto de Toledo. Foi conducido a Madrid, a pé e atado, e sometido a proceso. Queimárono na Praza Maior o día sete de febreiro de 1700. Aquela mesma noite o seu espírito meteuse na cama de El Rei e estivo mallando nel sen descanso e chamándolle lambón ata o romper do día.

sedes de STEG

A CORUÑA

Avenida do ferrocarril, s/n, Local 1752. 15007 A Coruña

Tfno/fax: 981 154 031

corunha@steg.gal

Horario de atención de sede:

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. Luns e mércores tamén de 17:00 a 19:00 h

SANTIAGO

Avenida de Coimbra nº 15. 15704 Santiago

Tfno/fax: 981 580 700

compostela@steg.gal

Horario de atención de sede:

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. Martes e mércores tamén de 17:00 a 19:00 h

LUGO

r/ Conde nº 31 - Entresollado esquerda. 27003 Lugo

Tfno/fax: 982 240 066

lugo@stegsindicato.org

Horario de atención de sede:

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. Luns e martes tamén de 17:00 a 19:00 h

OURENSE

r/ Bedoya nº 5, 2º dereita. 32004 Ourense

Tfno/fax: 988 252 323

ourense@steg.gal

Horario de atención de sede:

Martes, mércores e xoves de 10:00 a 14:00 h. Luns e venres de 10:30 a 14:30h.

De luns a xoves tamén de 17:00 a 19:00 h

PONTEVEDRA

Praza Curros Enríquez, nº 1, oficina 201. 36002 Pontevedra

Tfno/fax: 986 857 545

pontevedra@steg.gal

Horario de atención de sede:

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. Martes, mércores e xoves, tamén de 17:00 a 19:00 h



**aulas
libres 7**